



Facultade de Ciencias da Educación

Traballo de
fin de grao

**O dereito da infancia á
participación social: o
caso do *Foro de
Participación Infantil e
Adolescente* de Teo**

Autor: Xabier Riádigos Couso

Titora: Rita Gradaille Pernas

Xuño 2021

Traballo de Fin de Grao presentado na Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago de Compostela para a obtención do Grao en Educación Social

O dereito da infancia á participación social: o caso do *Foro de Participación Infantil e Adolescente* de Teo

El derecho de la infancia a la participación social: el caso del *Foro de Participación Infantil y Adolescente* de Teo

The right of children to social participation: the case of the *Forum for Child and Adolescent Participation* in Teo

Índice

Introdución	1
1. Obxectivos.....	2
2. Metodoloxía de investigación.....	3
3. Marco teórico-conceptual.....	6
3.1. Infancia(s), educación e sociedade no devir histórico	6
3.1.1. Aproximación teórica ao concepto de infancia	6
3.1.2. A infancia en clave histórica: crónica dun colectivo social e culturalmente diferenciado	7
3.2. A infancia e o enfoque de dereitos: o arduo camiño cara a Convención dos dereitos do Neno/a	10
3.3. A participación (social) da infancia: un proceso educativo en construción	12
3.3.1. Concepto e definición de participación (infantil).....	12
3.3.2. Niveis ou formas de participación infantil	13
3.3.3. Contexto e espazos de participación social da infancia: ámbitos de participación infantil	14
3.3.4. Os Consellos de Infancia como mecanismos de -educación para a-participación real e escola de cidadanía	15
4. Aproximación contextual: o Foro de Participación Infantil e Adolescente de Teo	17
4.1. Definición e funcións do FoPIA	18
4.2. Composición do FoPIA e funcións dos seus membros	19
4.3. Elección e renovación dos membros do FoPIA.....	19
4.4. Funcionamento e organización do FoPIA	20
4.5. Os temas do FoPIA	21
5. Resultados e discusión	21
6. Conclusións e perspectiva	35
7. Referencias bibliográficas.....	38
Anexos	41

Índice de figuras

Figura 1: Niveis e formas de participación	14
Figura 2: Contextos de participación infantil	15
Figura 3: Escaleira da participación infantil en proxectos	67
Figura 4: Principais capacidades exercidas na participación en consellos infantís	68

Siglas e acrónimos

CAI:	Cidades Amigas da Infancia
CDN:	Convención sobre os Dereitos do Neno/a
CLIA:	Consello Local de Infancia e Adolescencia
E:	Entrevista
FoPIA:	Foro de Participación Infantil e Adolescente
GD:	Grupo de Discusión
NNA:	Nena, Neno e Adolescente
ONU:	Organización das Nacións Unidas
PIIA:	Plan Integral de Infancia e Adolescencia
UNICEF:	Fondo das Nacións Unidas para a Infancia

“As persoas grandes nunca comprenden nada por si soas e é moi aburrido para os nenos e nenas ter que darlles unha e outra vez explicacións”

Antoine de Saint-Exupéry. O Principiño.

Quixera agradecer a todas as nenas e nenos que fan realidade o FoPIA, por acollerme nesta fermosa experiencia e, sobre todo, por participar e colaborar co seu -apreciado-tempo.

A Eva, por todo o seu traballo, disposición e confianza mostrada cara a min. Pero, sobre todo, por acompañar e favorecer a inclusión plena de todas as NNA como parte da cidadanía para facer un mundo máis xusto e equitativo.

Ao Concello de Teo por contribuír no avance e impulso da participación infantil e adolescente, agardando que continúe apostando por esta corresponsabilidade.

Á profesora Rita polos seus consellos, apreciacións e confianza para que este traballo vira a luz co mellor dos brillos.

A miña nai, por crer en min e quererme como fun, como son e como serei. Por todo o amor e cariño dado durante toda a miña vida, especialmente nesta nova etapa. Eternamente agradecido.

A miña irmá e irmán por todo o apoio, ánimos e coidados de maneira especial nestes últimos catro anos.

A todas as amizades que, dun xeito ou outro, animáronme dende o corazón a dar este xiro corpernicano na miña traxectoria profesional e persoal. A Roberto, por acompañarme no día que deu comezo a esta nova etapa.

Finalmente, a Ana, compañeira incondicional de vida por todos os momentos vividos, a súa comprensión, apoio e confianza plena en min. Grazas por facer que este camiño resultara máis doado ao teu carón.

De novo, a todas e cada unha de vós, grazas.

Resumo

As nenas e os nenos son cidadás e cidadáns do presente e suxeitos activos que han de educarse para exercer e gozar dos dereitos civís, sociais, políticos e culturais en condicións de equidade. Partindo desta premisa, nunha sociedade democrática o dereito á participación da infancia debe ser garantido por parte das administracións e gobernantes. Así, o presente Traballo de Fin de Grao pretende analizar -en clave socioeducativa- a experiencia do Foro de Participación Infantil e Adolescente (FoPIA) de Teo dende a perspectiva das nenas, nenos e adolescentes e da educadora social. Para logralo, realízase unha investigación de carácter cualitativo enfocada ao estudo de caso baseado na recollida de datos por medio de instrumentos como a análise documental, a entrevista en profundidade e o grupo de discusión. Os resultados mostran que o dereito á participación vese reforzado e impulsado coa creación do órgano de participación local, á vez que resulta un proceso en continua construción que debe ser guiado e acompañado a fin de educar *na* e *para* a participación social. Un proceso -non exento de retos e limitacións- que esixe a participación activa, implicativa e protagónica das NNA para conformar unha cidadanía crítica, consciente e responsable para coa súa comunidade.

Palabras chave: infancia(s), dereitos, participación social, cidadanía, educación social.

Resumen

Las niñas y los niños son ciudadanas y ciudadanos del presente y sujetos activos que han de educarse para ejercer y disfrutar de los derechos civiles, sociales, políticos y culturales en condiciones de equidad. Partiendo de esta premisa, en una sociedad democrática el derecho a la participación de la infancia debe ser garantizado por parte de las administraciones y gobernantes. Así, el presente Trabajo de Fin de Grado pretende analizar -en clave socioeducativa- la experiencia del Foro de Participación Infantil y Adolescente (FoPIA) de Teo desde la perspectiva de las niñas, niños y adolescentes y de la educadora social. Para lograrlo, se realiza una investigación de carácter cualitativo enfocada al estudio de caso basado en la recogida de datos por medio de instrumentos como el análisis documental, la entrevista en profundidad y el grupo de discusión. Los resultados muestran que el derecho a la participación se ve reforzado e impulsado con la creación del órgano de participación local, al tiempo que resulta un proceso en continua construcción que debe ser guiado y acompañado al fin de educar *en* la y *para* la participación social. Un proceso -no exento de retos y limitaciones- que exige la participación activa, implicativa y protagónica de

las NNA para conformar una ciudadanía crítica, consciente y responsable para con su comunidad.

Palabras clave: infancia(s), derechos, participación social, ciudadanía, educación social.

Summary

Girls and boys are citizens of the present and active subjects who must be educated to exercise and enjoy civil, social, political and cultural rights under conditions of equality. Starting from this premise, in a democratic society the right to participation of children must be guaranteed by the administrations and governments. Thus, this End-of-Degree Project aims to analyze -in a socio-educational key- the experience of the Forum for Child and Adolescent Participation (FoPIA) of Teo from the perspective of girls, boys and adolescents and of the social educator. To achieve this, a qualitative research is carried out focused on the case study based on the collection of data through instruments such as documentary analysis, in-depth interview and discussion group. The results show that the right to participation is reinforced and promoted with the creation of the local participation group, at the same time that it results in a process in continuous construction that must be guided and accompanied in order to educate *in* and *for* social participation. A process -not exempt from challenges and limitations- that requires the active, implicative and leading participation of the children and adolescents to form a critical, conscious and responsible citizenship towards their community.

Key words: childhood (s), rights, social participation, citizenship, social education.

Introdución

As nenas e os nenos son cidadás e cidadáns do presente e suxeitos activos que han de educarse para exercer e gozar dos dereitos civís, sociais, políticos e culturais en condicións de equidade. Partindo da premisa que este colectivo é parte da cidadanía no presente, nunha sociedade democrática o dereito á súa participación tamén debe ser garantido. Para poder exercelo, as diferentes administracións e gobernantes teñen a responsabilidade e a obriga de escoitar a toda a cidadanía -incluída a infancia-, así como ofrecer formas de participación real en todos os ámbitos que configuran a vida cotiá. Unha cuestión que aparece recollida na Convención dos Dereitos do Neno/a¹, e que alude ao dereito de todas as nenas, nenos e adolescentes (NNA) a ser escoitados, a que a súa opinión sexa tida en conta, á liberdade de pensamento e expresión sobre todo asunto que lles afecte, ao dereito de asociación e ao acceso á información para garantir un desenvolvemento pleno na vida en comunidade. Si isto é así, por que non se garante este dereito a un sector social tan numeroso e significativo como a infancia?

Precisamente, este interrogante motiva a elección da temática, apoiada pola posición do autor respecto do papel que as NNA deben ter na sociedade. Cómpre sinalar que o desenvolvemento da materia Practicum II nos Servizos Sociais do Concello de Teo -como concello adherido á iniciativa da UNICEF Cidades Amigas da Infancia- favoreceu a decisión de enfocar a investigación cara á participación infanto-xuvenil. Así mesmo, o papel que desempeña a figura da educadora social -en tanto que profesional socioeducativo de referencia no fomento e impulso da participación social na comunidade de pertenza-, reforzaron os argumentos para realizar este estudo.

O presente Traballo de Fin de Grao (TFG) enmárcase na modalidade de inicio á investigación de campo, e nel realízase unha aproximación á participación social das NNA do Concello de Teo (A Coruña) por medio do Foro de Participación Infantil e Adolescente (FoPIA). Ten como obxectivo principal *analizar -en clave socioeducativa- a experiencia do Foro de Participación Infantil e Adolescente de Teo dende a perspectiva das principais persoas implicadas: as nenas, nenos e adolescentes e a educadora social*; a fin de contribuír no avance e impulso da plena participación da infancia e adolescencia na contorna social máis próxima, visibilizar e dar voz ás NNA como as principais protagonistas, ademais de coñecer as diversas iniciativas, axentes sociais e entidades (públicas e privadas) que apostan pola participación real dun colectivo historicamente silenciado.

¹ No traballo tamén se cita como “a Convención” ou “a CDN”.

A estrutura do traballo, seguindo a González et al. (2014), ten un sentido intencional; pois iníciase cos obxectivos que enmarcan metodoloxicamente a investigación (de carácter cualitativa centrada no método do estudo de caso) para situar -desde o comezo- á persoa lectora na temática, nos obxectivos que se pretende conseguir e no proceso para logralo.

A continuación, recóllese no marco teórico que dá conta dos conceptos chave sobre os que se fundamenta o estudo; isto é: infancia, dereitos da infancia e participación social. Seguidamente, expóñense os resultados dos datos recadados coa pertinente análise e discusión dos mesmos. Finalmente, preséntanse as conclusións finais do estudo que, a modo de prospectiva, aportan melloras dende a mirada pedagóxico-social.

A elaboración do TFG supón o broche final ao proceso de formación do Grao en Educación Social. É dicir, á adquisición das diversas competencias a través das materias cursadas nos catro cursos académicos. Atendendo ás capacidades específicas da materia do TFG, este traballo contribuíu de forma especial á mellora de determinadas competencias e habilidades na miña formación como profesional da Educación Social, nomeadamente á capacidade de autonomía na procura, a selección e tratamento de información relevante para o obxectivo do traballo proposto, á capacidade de sistematización e adecuada presentación de información desde o punto de vista académico e profesional, así como á capacidade de reflexión e reformulación dos contidos analizados, incorporando -en todo momento- unha actitude autocrítica construtiva sobre o traballo desenvolvido.

1. Obxectivos

O obxectivo xeral deste TFG é *analizar -en clave socioeducativa- a experiencia do Foro de Participación Infantil e Adolescente (FoPIA) de Teo dende a perspectiva das principais persoas implicadas: as nenas, nenos e adolescentes e a educadora social*; co propósito de contribuír no avance do exercicio da participación social da infancia e a adolescencia en todo aquilo que lle concirne, de acordo cos dereitos recollidos na Convención dos Dereitos do Neno/a (artigos 12 ao 15).

Este desafío concrétese en cinco obxectivos específicos que se recollen a continuación:

1. Analizar o dereito á participación infantil mediante o Foro de Participación Infantil e Adolescente (FoPIA).
2. Describir a estrutura organizativa do Foro de Participación Infantil e Adolescente de Teo, examinando as estratexias e os mecanismos socioeducativos empregados para fomentar a participación dos nenos, nenas e adolescentes (NNA).
3. Reflexionar *sobre e na* participación social da infancia en aras de promover unha cidadanía activa e inclusiva dando voz ás persoas protagonistas.

4. Contribuír á sensibilización da cidadanía no recoñecemento de iniciativas que favorecen a participación infanto-xuvenil no eido municipal galego.
5. Propoñer -dende a Pedagogía-Educación Social- recomendacións para mellorar a calidade da participación social da infancia e a adolescencia no eido municipal.

2. Metodoloxía de investigación

O TFG que se presenta sitúase na modalidade de iniciación á investigación de campo, e enfócase a un estudo de casos de carácter eminentemente cualitativo. Óptase por esta metodoloxía pois interesa coñecer e analizar a experiencia do Foro de Participación Infantil e Adolescente (FoPIA) do Concello de Teo, así como coñecer as reflexións e opinións das persoas protagonistas desta iniciativa dende unha perspectiva baseada nas propias experiencias.

Para Albert (2009), o estudo de caso como método de investigación consiste en describir e analizar detalladamente unidades sociais ou entidades educativas únicas (persoa, organización, programa, etcétera); á vez que comporta un “proceso de indagación caracterizado polo exame detallado, comprensivo, sistemático e en profundidade do caso obxecto de interese” (García, 1991, p. 67). Neste senso, a unidade seleccionada para o estudo é o FoPIA como órgano de participación constituído exclusivamente por NNA. Así e todo, a intención é realizar un uso instrumental do estudo deste caso, que permita dar resposta aos obxectivos fixados e contribuír con posibles melloras, ademais de servir como reclamo para impulsar iniciativas e experiencias socioeducativas en aras de fomentar a participación infantil e adolescente, coa necesaria adaptación aos diferentes contextos. Uns principios que han de asentarse nunha participación real protagonizada por NNA como suxeitos do presente e como integrantes dunha futura (re)construción e transformación da cidadanía.

Unha vez definido e conceptualizado o tema, e de cara a afondar no obxecto de estudo, o seguinte paso consistiu na consulta e a revisión bibliográfico-documental existente en relación á temática a investigar. Este proceso implicou unha busca nas diversas fontes de información, entre as que destacan as monografías (libros e manuais), publicacións periódicas (revistas e boletíns oficiais), teses doutorais, informes e actas de congresos. Para acceder a este tipo de fontes, empregáronse catálogos (BUSC e REBIUN), bases de datos documentais (DIALNET, SCOPUS, REDINED, TESEO e ERIC), buscadores académicos (Google Scholar) e o repositorio MINERVA da Universidade de Santiago de Compostela.

Igualmente, e co propósito de realizar unha busca organizada, seguiuuse unha estratexia que seleccionaba e combinaba un conxunto de termos axeitados e representativos que se reflectían nos diferentes recursos citados. Os principais termos e ecuacións empregadas

foron: historia da infancia, dereitos e infancia, participación infantil, consellos infancia e adolescencia, ou infancia e participación social. Toda a información extraída das distintas fontes permitiu cimentar e vehicular a elaboración do marco teórico-conceptual do presente traballo.

Entre as múltiples técnicas de recollida de información existentes nos estudos cualitativos no eido socioeducativo, empregáronse a análise documental, a entrevista cualitativa en profundidade e o grupo de discusión. A continuación detállanse e especificanse os pasos seguidos no seu desenvolvemento atendendo á orde na que foron empregados.

- *Análise documental:*

Del Rincón et al. (1995, p. 341) asegura que a análise documental “é unha fonte de gran utilidade para obter información retrospectiva e referencial sobre unha situación, un fenómeno ou un programa”. Neste caso concreto, realízase unha revisión e análise da documentación oficial interna (que aporta a educadora social encargada de dinamizar o órgano) e externa (por medio das comunicacións e divulgacións que constan na páxina institucional do concello). Basicamente, os documentos internos aluden ás actas das diferentes sesións do Consello Local da Infancia e Adolescencia (CLIA) e o Foro de Participación da Infancia e Adolescencia (FoPIA) dende a súa creación. Nestas actas recóllense as accións, actuacións e propostas elaboradas polo órgano e, máis concretamente, polas NNA que o conforman; e que serven para nutrir a discusión dos resultados obtidos da información recadada cos instrumentos que se citan con anterioridade (entrevista e grupo de discusión). Pola súa parte, os documentos externos aluden aos regulamentos de ambos órganos de participación (CLIA e FoPIA), ao Plan Integral de Infancia e Adolescencia 2018-2020 (PIIA), á Memoria de Actividades (2017) e ao Informe de Situación da Infancia e a Adolescencia (2017). A análise destes documentos axuda a contextualizar e asentar a información relacionada co obxecto de estudo.

- *Entrevista en profundidade:*

A entrevista cualitativa ou en profundidade permite comprender como ven o mundo os suxeitos cos que se interactúa por medio dunha conversa profesional entre a persoa entrevistada e a que realiza a entrevista (Varela, 2012). En opinión de Ruíz (2007, p. 166) “é unha técnica para obter que un individuo transmita oralmente á persoa entrevistadora a súa definición persoal da situación”.

Neste caso, a persoa entrevistada foi a técnica municipal, en calidade de dinamizadora do FoPIA e secretaria do CLIA. De aí a súa importancia como informante chave, polo papel que desempeña como referente socioeducativo no acompañamento ás NNA do consello infantil e adolescente. Cómpre sinalar que a dinamización do órgano estivo a cargo da entidade

externa *Maos Innovación Social Sociedade Cooperativa Galega* nos primeiros meses, e - unha vez rematadas as tarefas requiridas para o recoñecemento de Teo como Cidade Amiga da Infancia (CAI)- tomou o relevo a actual técnica municipal; quen -como educadora social- dinamiza os Servizos Sociais comunitarios, o que favorece o interese e a calidade da información requirida para esta investigación.

Atendendo ao grao de estandarización, neste estudo optouse pola entrevista semiestruturada apoiada nun guión ou tópicos de preguntas abertas previamente determinadas. Non obstante, durante o transcurso da entrevista posibilitouse a flexibilidade tanto nas preguntas coma nas respostas, a fin de evitar que se convertera nun mero cuestionario administrado de forma oral e se tornase nun diálogo centrado nos aspectos de máis interese. Con esta actuación, favorecíase a posibilidade de que xurdiran novos temas ou reflexións relevantes para o estudo que non foran contemplados con anterioridade. Así, o guión estruturouse en torno a catro bloques temáticos (Anexo 1): funcionamento do consello infantil e adolescente, percepción sobre a participación e experiencias, práctica socioeducativa e traballo en rede. A modo de peche, recóllese un último bloque coas valoracións e propostas de mellora dende a perspectiva profesional da entrevistada.

O formato de entrevista foi de sesión única adaptada á dispoñibilidade e preferencia da entrevistada; de tal modo que a cita se desenvolveu o día 10 de maio no despacho da educadora social, pois contribuía a xerar un clima de confianza e comodidade que favoreceu a fluidez no intercambio de información. Unha actitude que se manifestou ao longo dos 90 minutos que durou a entrevista coa educadora social.

- *Grupo de discusión:*

Coa intención de coñecer as opinións e sentimentos das NNA que conforman o FoPIA, así como descubrir as súas percepcións respecto da realidade obxecto de estudo, optouse pola entrevista en grupo para recoller a información relevante sobre a temática a estudar. A este respecto, sinala Albert (2009, p. 250), que a “esta característica úneselle o feito de que cada membro do grupo pode escoitar as contribucións dos restantes membros, o que aporta novos puntos de vista e axuda a desenvolver máis claramente as ideas de todos”.

Para desenvolver os grupos de discusión con certa calidade, e seguindo as recomendacións realizadas por diferentes autores e autoras (Rubio y Varas, 1997; Ruíz, 2007), determinouse que o número non fose superior a oito persoas por grupo. Deste modo, ao ser un grupo pequeno resulta máis fácil promover a participación de todo o mundo, alén de asegurar certa diversidade nas perspectivas ofrecidas polas persoas (Albert, 2009). Para elo, foron invitados todos os membros do FoPIA para participar de maneira voluntaria no día fixado (20 de maio), ofrecendo a posibilidade de modificar a data en función da súa dispoñibilidade.

Así, no caso de contar con máis participantes dos establecidos nun principio, considerouse a posibilidade de desenvolver dous grupos, aínda que finalmente só foi necesario conformar un grupo integrado por un total de 4 persoas (3 nenas e 1 neno) do FoPIA.

O grupo de discusión desenvolveuse nunha sesión única, cunha duración total de 53 minutos. O lugar escollido para a súa realización foi o Salón de Plenos do Concello, por tratarse do espazo habitual no que teñen lugar as sesións do consello; unha escolla intencional a fin de crear un ambiente agradable, confortable e illado no que as NNA se sentiran a gusto, en tranquilidade e -sobre todo- coa confianza necesaria para expresarse con total liberdade e sinceridade.

O protocolo deseñado para a realización do grupo de discusión (Anexo 2) artellouse en torno a tres bloques temáticos, coincidentes -por outra parte- co protocolo da entrevista en profundidade: funcionamento do consello infantil e adolescente, percepción sobre a participación e valoracións e propostas de mellora. No entanto, a redacción e os contidos das preguntas comúns adaptáronse ás NNA, engadíndose outras específicas para evitar condicionar as respostas. Unha intencionalidade que responde á triangulación da información recadada e á posterior análise dos resultados.

Cabe sinalar, que tanto para a entrevista como para o grupo de discusión solicitouse permiso para gravar, como medida de apoio para a posterior transcrición e análise dos datos. Igualmente, informouse da garantía do anonimato; utilizando a tal fin un sistema codificado de nomenclaturas para as diferentes persoas participantes (Anexo 3).

3. Marco teórico-conceptual

Coa intención de asentar as bases teóricas e conceptuais que axuden a comprender e orientar os contidos desta investigación, este apartado estruturouse en base a tres piares conceptuais fundamentais: a infancia, os seus dereitos e a participación social como dereito dos nenos e nenas. Estes conceptos manteñen unha estreita relación e atenden a unha orde secuencial e coherente, oscilando dun marco máis amplo a outro máis específico. Isto é, partir dunha mirada en clave sociohistórica respecto da construción social da infancia e a súa condición como colectivo social e culturalmente silenciado sen dereitos, a unha visión con enfoque de dereitos -e máis concretamente ao dereito á participación de NNA- en todo aquilo que lles concirne no cotiá (enfoque de participación).

3.1. Infancia(s), educación e sociedade no devir histórico

3.1.1. Aproximación teórica ao concepto de infancia

Antes de profundar na historia da(s) infancia(s), convén explicar o vocábulo *infancia* e comprender o significado que ten na sociedade occidental. A diversidade de acepcións e

significados asociados ao termo infancia responde ás diferentes perspectivas dende as que se analiza, converténdoo nun termo polisémico que se vincula a un momento histórico e a unha cultura/sociedade determinada.

Considerando unha serie de criterios (biolóxicos, sociais, culturais, cronolóxicos...) autores e autoras como Casas (1998) e Gaitán (2006) entenden a infancia como unha *etapa do ciclo vital* asignada a unha idade convencional sobre a que non existe un acordo explícito (por exemplo, a CDN recoñece como nenos e nenas ás persoas menores de 18 anos). Pero tamén se identifica con un *período temporal* relacionado co proceso biolóxico de maduración individual (física, cognitiva, emocional, etcétera); como un *colectivo* ou *grupo social* configurado por persoas que comparten unhas características socioculturais semellantes e que consideran á infancia como grupo minoritario. Unha circunstancia que, en palabras de Gaitán (2006, p. 20), supón “unha discriminación en materia de dereitos, acceso ao poder, benestar e prestixio, así como unha subordinación ao grupo dominante”. Pero tamén se identifica como unha *categoría social* no marco dunha estrutura social organizada, cambiante e dinámica.

Á luz desta diversidade conceptual, a infancia -máis que unha realidade natural- enténdese como unha realidade socialmente construída (Gaitán, 2006) e con escasa estabilidade ao longo dos anos (Casas, 1998). De aí que, o concepto de infancia resulte cambiante porque os seus significados mudan co paso do tempo e adecúanse ao que determinada cada cultura /sociedade. Na actualidade, e seguindo a Gaitán (2018), a construción social que impera sobre a infancia é a dunha etapa temporal de preparación para o futuro -aquilo que “serán”-, catalogando ao neno e nena como seres incompletos, moldeables e controlables -xa que “aínda non son”.

3.1.2. A infancia en clave histórica: crónica dun colectivo social e culturalmente diferenciado²

A variabilidade das concepcións respecto da infancia e as atribucións que ao longo do tempo recaeron sobre este colectivo reflíctense nos numerosos traballos existentes en torno á análise histórica da infancia (Arès, 1988; Carbonell, 1996; Casas, 1998; De Mause, 1994; e Runge 2008, entre outros). Partindo desta miscelánea de estudos, neste apartado móstranse os trazos característicos en clave sociohistórica da infancia como colectivo social diferenciado.

Dous son os traballos que -coas súas obxeccións- asentan as bases para posteriores investigacións en torno á infancia e a súa historia; toda vez que supoñen visións

² Para a fundamentación deste apartado empregouse o dossier sobre a infancia elaborado na materia de Historia da Educación Social de segundo curso do Grao en Educación Social.

abertamente opostas. En primeiro lugar, Philippe Ariès -na súa obra *El niño y la vida familiar bajo el antiguo régimen*, edición en español de 1988-, considera a infancia como un invento sociocultural moderno que non vai máis aló dos séculos XVII ou XVIII. Este autor, centra o seu estudo en dúas etapas históricas: a Idade Media e a Modernidade. No período que abrangue a Idade Media, a infancia queda reducida a unha etapa de moita fragilidade ao presentar ao infante como un individuo que non se podía valer por si mesmo; comezando a mesturar a súa vida coas persoas adultas no momento no que comparten espazos e tempos lúdicos e de traballo.

Segundo este autor, nesta época o neno e a nena transita á vida adulta directamente sen ter pasado polas etapas intermedias da xuventude -carencia da “noción de paso” na sociedade medieval-, separándose rapidamente dos seus proxenitores e sen garantir a transmisión de valores familiares como parte do proceso de socialización. Isto é, na estrutura pedagóxica do medievo, a socialización e internacionalización de valores e saberes da comunidade por parte do neno e da nena, non se realiza nin na familia nin na escola, senón que será resultado da participación directa no mundo adulto (relacións coa veciñanza, amizades, persoas activas e anciás dentro de contextos laborais, festivos ou en convivencias esporádicas). Esta breve estancia temporal na estrutura familiar imposibilita a súa culturización afectiva, intelectual e social.

Será na Baixa Idade Media, e en maior medida na Idade Moderna, cando se suceden profundas transformacións na mentalidade colectiva, mostrando un maior sentimento cara a infancia. Neste intre xorden as primeiras escolas como espazos pechados reservados exclusivamente para a infancia; un modelo que se entende como unha extrapolación do modelo conventual e que reflicte o pragmatismo burgués. Como resultado destes cambios, a infancia e as súas condicións experimentarán importantes modificacións: a escola representa o medio educativo e o neno/a é separado do fogar e mantense lonxe até que poida ser introducido no mundo. En definitiva, dirá Ariès (1988, p. 12), que comeza “un longo período de reclusión dentro dos nenos (así como os tolos, os pobres e as prostitutas) que non deixará de progresar até os nosos días, e que se chama escolarización”.

Nesta etapa, as familias configúranse como un lugar de afecto entre os seus membros como nunca antes se tiña observado. Os proxenitores amosan interese polos estudos dos seus fillos e fillas, evidenciando a importancia da educación na súa formación; a vida familiar pasa a organizarse entorno ao infante; a nena e o neno importan até o punto que a súa perda é motivo de forte aflicción, provocando o desexo de substitución ou incluso a diminución do número de descendentes orixinando unha pronunciada caída demográfica.

En segundo lugar, outro dos traballos amplamente citados cando abordamos a *Historia da Infancia* (nome que recibe o seu traballo) é o que concirne a De Mause (1994), cuxa obra une a historia da infancia coa violencia que esta sofre. O propio autor define a historia da infancia como un pesadelo cheo de abusos e de total desprotección durante a Idade Media que vén motivado polo desinterese existente cara aos nenos e nenas. Unha visión de desprotección coa que concorda Carbonell (1996), quen relata as numerosas formas de maltrato ás que este colectivo se ve sometido: infanticidio, castigos corporais, abandono, etcétera.

Partindo da teoría psicoxénica da infancia, De Mause afirma a existencia dunha relación estreita entre as concepcións da infancia e as pautas ou formas de crianza; unhas relacións paternofiliais que evolucionaron co paso do tempo. Neste arduo proceso, De Mause diferencia seis etapas fundamentais: 1) Infanticidio: dende a Antigüidade até o século IV; 2) Abandono: séculos IV-XIII; 3) Ambivalencia: séculos XIV-XVII; 4) Intrusión: século XVIII; 5) Socialización: século XIX e mediados do XX; 6) Axuda: desde mediados do século XX.

Perante o neno e a nena, segundo De Mause, os pais/nais e as persoas adultas do pasado non carecían de amor cara aos fillos/as, senón que lles faltaba a madurez emocional necesaria para velos como persoas. Ademais, o autor recoñece que a persoa adulta pode adoptar diversas formas de relación para cos infantes, a fin de satisfacer o seu inconsciente (reacción de proxección), como substitutivo doutra figura adulta ou para satisfacer as necesidades dos proxenitores (reacción de reversión) e mesmo para sintonizar coas súas necesidades, actuando para satisfacelas vendo ao neno/a como a persoa que é hoxe (reacción de regresión por empatía).

Outras perspectivas diverxentes, consideran -máis que o descubrimento da infancia como parte da sociedade-, a súa desaparición ou fusión entre o mundo adulto e o infantil; retomando a visión de Ariès de consideralas como persoas adultas en miniatura. Para Runge (2008), existe unha estreita relación entre os intensos cambios das sociedades occidentais e as formas de entender e tratar á infancia. Nas súas investigacións, alúdese principalmente ás novas tecnoloxías e aos *mass media* como causantes desta situación, xa que uniformizan e colocan nun mesmo plano ás persoas adultas e á infancia no referido a costumes, hábitos, linguaxe, modelos de vida ou acceso á información. Noutras palabras, os nenos e as nenas convértese en persoas adultas prematuras orixinando a súa desaparición como categoría social.

A concepción da infancia é complexa, xa que cambia ao longo da historia e o tempo (Runge, 2008). Así mesmo, convindo con Cruz (2009, p. 94), existe un amplo consenso respecto a que “á infancia se lle pode orientar, conducir, levar e corrixir, polo que se desenvolveron as

prácticas correspondentes para guialos, impoñerlles e educalos”. Así a todo, non sería até o ano 1989 cando tería lugar un fito en clave sociohistórica respecto á concepción da infancia, coa proclamación da Convención dos Dereitos do Neno/a; unha convención que recoñece o dereito a ser protexidos, pero tamén a “ser autónomos, a expresar a súa opinión e vontade naquilo que lles afecta, a participar na vida social como protagonistas activos, como cidadáns e cidadás no máis profundo sentido” (Casas, 1998, p. 307).

3.2. A infancia e o enfoque de dereitos: o arduo camiño cara a Convención dos dereitos do Neno/a

A Convención sobre os Dereitos do Neno/a é o tratado internacional adoptado pola Asemblea Xeral de Nacións Unidas o 20 de novembro de 1989, que recoñece a todas as persoas menores de 18 anos como suxeitos de pleno dereito. Até o momento, é o documento internacional máis ratificado da historia da humanidade (196 nacións votaron a favor da súa aprobación, agás EEUU que -a día de hoxe- aínda non a ratificou); no caso concreto de España, a súa aprobación tivo lugar o 30 de novembro de 1990. A Convención dota dun marco xurídico aos Estados e gobernos asinantes, comprometéndoos a esforzarse e garantir os dereitos das nenas e os nenos recollidos neste tratado.

No entanto, o camiño para a súa aprobación comportou un proceso longo e sostido no tempo. Así, tal e como indica Casas (1998), dende as Antigas Roma e Grecia existen evidencias relativas aos dereitos da infancia; pero sería no século XX cando se atopan os antecedentes máis directos en relación á CDN, como son: a Declaración de Xenebra (1924) e a Declaración dos Dereitos do Neno/a (1959). Uns textos normativos que ven a luz despois das dúas guerras mundiais.

Segundo Casas (1998) a repercusión internacional da Convención sobre a concepción da infancia potenciou a apertura dunha nova era para este colectivo. Por vez primeira, recoñécese aos nenos e nenas como *suxeitos de dereitos*, incluíndo os dereitos civís e políticos (artigos do 12 ao 16). Ademais, a súa consideración como *suxeitos activos* e *actores sociais* favorece o cambio de mirada na representación actual da infancia; un feito que comporta aceptar as súas capacidades así como recoñecer -e reivindicar- a participación social nas dinámicas familiares, educativas, culturais, etc., fronte aos esquemas tradicionais de dominación, autoritarismo e paternalismo (Cruz, 2009).

Así mesmo, a CDN supón un avance respecto da visión exclusivamente proteccionista das Declaracións predecesoras (1929 e 1959), identificando ás nenas e aos nenos como copartícipes da sociedade á vez que lles concede o recoñecemento da condición de cidadáns (Cruz, 2009). Con todo, existen voces críticas en torno á Convención que cuestionan aspectos importantes do devandito texto; en concreto, alúdese á visión

adultocentrista que considera ás nenas e nenos como seres dependentes. Unha perspectiva que coincide coa visión evolutiva-funcionalista das capacidades do neno/a, que cuestiona a efectividade no exercicio e goce dos seus dereitos, así como a ausencia dos menores entre a diversidade de actores que participaron na elaboración da propia Convención (Gaitán, 2018).

No referido á estrutura en torno á que se artella a CDN, cómpre destacar que se divide en dúas partes claramente diferenciadas, nas que se definen as obrigacións dos Estados Parte e os dereitos de NNA: o preámbulo e o articulado. A Convención complétase -até inicios do ano 2012- con tres Protocolos facultativos que reforzan as normas e obrigacións contidas nos diferentes artigos; de tal forma que ofrecen unha maior protección e apoio especial ás NNA. Non obstante, para que estes dereitos se concreten en realidades, a Convención aséntase en catro principios reitores (UNICEF, 2015):

- Principio de non discriminación (artigo 2)
- Principio do interese superior da nena ou neno (artigo 3.1)
- Principio do dereito á vida, á supervivencia e ao desenvolvemento (artigo 6)
- Principio do dereito á participación (artigos 12 ao 15)

Considerando que ningún dereito é máis importante ca outro, e que estes son indivisibles, interdependentes e vincúlense uns con outros, o presente estudo céntrase no último dos citados principios: o “dereito á participación”. Cabe salientar que no corpo da Convención a participación non aparece reflectida propiamente como un dereito en si mesmo, senón que nos últimos anos véñse experimentando unha práctica que foi conceptualizándose nun sentido máis amplo de “participación” (DIF e UNICEF, 2014, p. 203).

Neste senso, UNICEF -a axencia da ONU encargada de velar polo desenvolvemento da Convención en todo o mundo-, clasifica o conxunto de dereitos da CDN en tres bloques que responden á coñecida como teoría das tres “Ps”: provisión, protección e participación. Dende unha perspectiva da calidade de vida, Casas (1998) engade dúas “Ps” máis: prevención e promoción; non obstante, indica que o alto consenso -e a baixa intensidade- que se vén mantendo cos dereitos relativos á Provisión e á Protección, non se manifesta de igual maneira cando se transita cara á terceira “P”: a participación.

Tamén Meirieu (2004) defende esta postura diferenciada entre as dúas primeiras “Ps” (provisión-protección) e a terceira (participación). Para este autor, a protección e a provisión aplícanse -en parte- dende o exterior; mentres que a participación resulta inconcibible sen un proceso educativo que a acompañe. En efecto, Meirieu considera que as nenas e os nenos son obxectos de protección e provisión, pero tamén suxeitos en materia de participación.

Agora ben, a que se alude cando falamos de participación (infantil)? Que tipo ou formas de participación exercen? Cales son os mecanismos ou espazos de participación?. No seguinte apartado tratarase de responder a estas cuestións, analizando a participación e os elementos que a conforman, prestando especial atención á referida participación infantil.

3.3. A participación (social) da infancia: un proceso educativo en construción

3.3.1. Concepto e definición de participación (infantil)

A palabra *participar* vén do latín *participare*, composta de “pars, parti” (parte) e o verbo “capere” (tomar, agarrar). Segundo a Real Academia Española, participar céntrase -a partir das súas acepcións- en tres aspectos fundamentais: tomar parte en algo, recibir e compartir. Unha definición, sobre a que -a priori- existe unanimidade.

Autores como Hart (1992, p. 5), definen a participación como “o proceso de compartir as decisións, que afectan a vida propia e a vida da comunidade na cal se vive”; sendo á vez un medio para a construción dunha democracia e un dereito fundamental da cidadanía. Sen embargo, Novella (2012, p. 382) manifesta que “estamos diante dun dos conceptos máis complexos e de carácter multidimensional³ das ciencias da educación”, que precisa ser abordado dende outras disciplinas como a Socioloxía, a Antropoloxía, as Ciencias Políticas ou a Psicoloxía. Unha complexidade que, segundo esta autora, se incrementa á hora de definir o concepto de participación infantil, principalmente por verse máis como un discurso que como “unha realidade que forma parte do cotiá onde a infancia acade o máximo exercicio autónomo da cidadanía” (Novella, 2012, p. 380).

Así e todo, Novella (2008, p. 78) entende a participación infantil como “unha experiencia persoal e colectiva que permite implicarse en proxectos sociais que, mediante a palabra e acción comprometida, pretenden transformar a realidade próxima”. Nesta liña, a iniciativa *Cidades Amigas da Infancia* de UNICEF (2020) conceptualiza a participación infantil -e adolescente- como un proceso no que as “NNA exercen este dereito interactuando con outras persoas da súa contorna e tratando temas que afectan ás súas condicións de vida individuais e colectivas”, pois non se entende unicamente como un dereito -recollido e recoñecido na Convención-, senón tamén como unha fonte de desenvolvemento persoal e educativa que promove a autoprotección e a resiliencia.

Volvendo aos argumentos de Hart (1992), a participación infantil supón colaborar, aportar e cooperar para o progreso común; pero tamén, xerar a confianza en si mesmos/as, dotándoos do principio de iniciativa. Igualmente, coloca ás NNA como suxeitos sociais con

³ A autora sinala sete dimensións que conceptualizan a participación infantil: principio educativo, proceso de cambio, valor democrático, contido formativo, procedemento metodolóxico, responsabilidade cidadá e benestar persoal.

capacidade para expresar as súas opinións e decisións respecto dos asuntos que lles competen de maneira directa nos diferentes ámbitos de participación: familia, escola, comunidade e sociedade en xeral. É dicir, aqueles espazos nos que se producen as interaccións con outras persoas, sexan NNA ou adultas. De aí que a participación infantil debe concibirse como un proceso de desenvolvemento en permanente interacción coas persoas adultas, fronte á concepción -separada e illada- de actividade entre ambos roles; concibíndose como un proceso de aprendizaxe mutua e con sentido bidireccional.

Convén aclarar que -tal e como se recolle no “Plan Estratégico Nacional de Infancia y Adolescencia 2006-2009” (PENIA, 2007)- se precisan tres condicións *sine qua non* para promover a participación: *querer*, *saber* e *poder* participar. A primeira condición -*querer participar*- alude aos motivos e razóns para facelo, así como ao sentimento de ilusión, desexo ou á necesidade sentida de participar. A segunda, referida a *saber participar*, apunta a como facelo e á necesidade de aprender a desenvolver tarefas, a traballar con outras persoas, a organizarse, etcétera. Noutras palabras, aprender a participar comporta educar *na* e *para* a participación dende a primeira infancia; de aí que “a participación na sociedade comeza dende o momento no que un neno/a chega ao mundo e descobre até que punto é capaz de influír nos feitos por medio do pranto ou do movemento” (Hart, 1992, p. 5). A última condición -*poder participar*- atende á organización para que a participación sexa posible; polo que se precisa crear diferentes escenarios e/ou mecanismos para poder facelo (governos, concellos, sistemas de comunicación, etcétera).

De maneira específica, cando se fala de participación infantil, resulta esencial aproveitar o proceso de aprendizaxe gradual para adquirir e asumir as habilidades, competencias e responsabilidades necesarias para exercer a participación, a fin de desenvolver as capacidades óptimas para ser plenos cidadáns e cidadás (PENIA, 2007). Para elo, é preciso construír conxuntamente -nunha relación interxeneracional- aquelas experiencias, iniciativas e espazos que fomenten a participación social da infancia, permitíndolles exercer o seu dereito á cidadanía.

3.3.2. Niveis ou formas de participación infantil

Diferentes autores e autoras graduaron os distintos niveis de participación social infantil en base aos ámbitos nos que esta tiña lugar así como ás interaccións que se producían entre os respectivos roles implicados (NNA e persoas adultas). Das diversas propostas, o modelo máis coñecido e citado é o de escaleira de Hart (1992), no que se esquematizan os niveis de participación en oito chanzos (Anexo 4). Os tres inferiores (manipulación, decoración e actuación simbólica) corresponden a espazos onde non existe realmente unha participación activa da infancia; mentres que os cinco superiores representan escenarios de participación

real e efectiva dos nenos e nenas. A escaleira de Hart clasifica os proxectos e as experiencias nas que participa a infancia, evidenciando as diferentes formas de participación.

Partindo da análise desta metáfora, Trilla e Novella (2001) definen catro formas máis amplas de participación infantil: participación simple, consultiva, proxectiva e metaparticipación (Figura 1). Todas estas formas supoñen escenarios nos que se aprende a participar participando; á vez que aportan elementos significativos para o desenvolvemento de competencias participativas na infancia.

Pola contra, en cada unha mantéñense diferentes grados de participación atendendo a catro factores: a implicación, a información-conciencia, a capacidade de decisión e o compromiso-responsabilidade de cada suxeito; podendo estar implicadas máis dunha

forma de participación nunha mesma experiencia participativa. En síntese, son formas de participación complexas, multidimensionais, inclusivas e que se retroalimentan (Trilla e Novella, 2008).

A resultas das diferentes propostas -ilustradas na figura e metáfora anterior-, parece evidente que a participación infantil se incrementa a medida que as NNA son protagonistas das experiencias, iniciativas e/ou proxectos que inician (participación protagónica). Neste máximo expoñente de participación infantil, é onde os propios nenos e nenas piden, esixen e/ou xeran novos espazos e mecanismos de participación (Novella, 2008).


3.3.3. Contexto e espazos de participación social da infancia: ámbitos de participación infantil

A medida que os NNA medran e se desenvolven, as súas oportunidades para a participación vanse ampliando dende a esfera privada cara aos espazos públicos, dende a influencia local á global (UNICEF, 2002). Con todo, existen discrepancias entre os autores e autoras que identifican os diversos espazos nos que este colectivo pode e debe participar.

Si ben a familia, a escola e outras institucións educativas aparecen reflectidas nas distintas propostas, as diferenzas amósanse noutros ámbitos de participación. Así, no informe *Estado Mundial da Infancia 2003* (UNICEF, 2003) propóñense cinco contextos nos que a participación infantil é transversal, tal e como se pode apreciar na Figura 2.

Figura 1

Niveis e formas de participación



Nota: Adaptado de Novella (2008).

Apud (2001) considera -xunto coa familia e a escola- un terceiro espazo básico para desenvolver e experimentar a participación: a vida social, concretada na comunidade local.

Figura 2

Contextos de participación infantil



Nota: Adaptado de UNICEF (2003, p. 3).

Este autor, outorga ao municipio un papel relevante como espazo de participación cidadá para a infancia e a adolescencia, pois considera que desenvolvendo prácticas de participación infantil a escala local, as NNA acadan maior protagonismo e incrementan o sentimento de pertenza e implicación para coa cidade. Ademais, Casas et al. (2008) recollen outros espazos para exercer, aprender e/ou fomentar a participación infantil: os procedementos administrativos e xudiciais ou as organizacións de ocio e tempo libre.

Por todo isto, o obxecto do presente estudo céntrase na participación social da infancia a través do consello infantil municipal, como un exemplo de espazo específico que posibilita o dereito á participación da infancia na súa comunidade e a exercer o dereito á cidadanía.

3.3.4. Os Consellos de Infancia como mecanismos de -educación para a-participación real e escola de cidadanía

Dos diferentes espazos, experiencias ou iniciativas que promoven boas prácticas a favor da infancia -nas políticas públicas, na defensa e promoción dos seus dereitos e, sobre todo, no seu desenvolvemento persoal e colectivo-, os Consellos de Infancia quizais sexan os órganos de representación e de participación que mellor axudan a visualizar a participación dos nenos e as nenas na cidade.

Salienta Caride (2015) que existen moitas outras experiencias ou iniciativas que camiñan na mesma dirección nos múltiples niveis institucionais (internacional, estatal, comunitario, rexional e local), e que merecen ser destacadas polo seu potencial socioeducativo. Todas estas iniciativas comparten, como denominador común, a *participación cidadá* incluída a infancia; destacando a nivel internacional o proxecto “Cidade dos nenos” de Francesco Tonucci ou o modelo de “Cidades Educadoras”. No plano estatal, cabe resaltar o citado proxecto liderado por UNICEF Comité Español de “Cidades Amigas da Infancia” (CAI) que, ao desenvolverse no ámbito local, a proximidade entre a administración e as NNA xoga un papel fundamental no exercicio da participación social da infancia e o seu dereito á cidadanía.

Derivado desta proximidade, a iniciativa CAI promove -dende a súa posta en marcha no ano 2001 no Estado español- a creación e funcionamento de órganos de participación infantil e adolescente a nivel municipal. Esta iniciativa define estes órganos como espazos nos que as NNA asumen un papel protagónico e interactúan cos seus Gobernos locais⁴. Ademais, estas estruturas configúranse en diferentes tipoloxías e/ou modalidades en función de cada realidade local: desde a creación do órgano por medio da coordinación cos centros escolares, a adaptación ao funcionamento de entes xa existentes como puntos xuvenís, ludotecas ou espazos informais de reunión e/ou en coordinación con asociacións locais, ou a constitución de consellos municipais, plenos e audiencias para que os nenos e nenas interactúen co Goberno local.

Segundo a Trilla e Novella (2011), os Consellos da infancia son espazos de encontro nos cales as NNA se reúnen para reflexionar, falar, debater e facer propostas sobre os aspectos da súa cidade que é preciso cambiar para mellorar as súas condicións de vida e, por extensión, tamén a do resto de habitantes. Por tanto, configúranse como espazos de reunión, de observación da cidade, de formación *para* a cidadanía *dende* a cidadanía, así como para o exercicio de procedementos e valores democráticos. En síntese, os consellos infantís son unha experiencia educativa programada para a formación dunha cidadanía activa “que ten a participación como principio educativo, como procedemento de aprendizaxe e como escenario para a construción de valores democráticos” (Novella, 2014, p. 128).

Na mesma liña, Trilla e Ayuste (2018, p. 125) consideran que son “órganos de participación que se converten á vez en experiencias que intrinsecamente educan para a participación”. Neste caso, os autores recoñecen que o tema principal dos consellos é a cidade, comunidade, barrio e/ou o lugar onde viven e conviven os NNA, a fin de pensar criticamente como é, como podería ser mellor e que se pode facer para melloralo.

A este respecto, é preciso ter en conta dous elementos que converten aos consellos infantís en verdadeiras escolas de cidadanía (Novella, 2014). Dunha banda, o citado carácter multidimensional do concepto de participación que permite ampliar as súas intencionalidades formativas; doutra, o conxunto de formas ou niveis de participación que implican ao consello en experiencias de participación diversas e complexas. Ambos elementos, constitúen o motor que impulsa o exercicio das competencias cidadás de cada membro do consello infantil.

Segundo Trilla e Novella (2011), aquelas nenas e nenos que se implican nun consello infantil aprenden a participar participando á vez que desenvolven unha serie de capacidades

⁴ Recuperado de <https://ciudadesamigas.org/municipio-amigo-infancia/participacion-infantil/>

ligadas á cidadanía democrática (Anexo 5). É dicir, aprenden cidadanía nun contexto cotiá mediante a práctica dunha serie de valores, actitudes, habilidades e coñecementos; unha diversidade de aprendizaxes e capacidades que dota de ferramentas ás nenas e aos nenos para avanzar cara a unha maior autonomía e seguridade no proceso de toma de decisións daquilo que lle concirne.

En definitiva, é innegable que a participación infantil ten unha incidencia educativa na formación da cidadanía; un proceso participativo que contribúe á adquisición de habilidades, ao desenvolvemento de competencias, valores, actitudes e formas de ser e estar (Agud e Llena, 2018). De acordo con estas autoras, este conxunto de aprendizaxes “contribúen a conformar unha cidadanía activa e comprometida que desenvolve unhas capacidades que se articulan na participación” (2018, p. 200). Por iso, se conclúe que o mero feito de participar en calidade de cidadán ou cidadá repercute no desenvolvemento das capacidades para interpretar e adaptarse criticamente á realidade, e así poder transformala.

4. Aproximación contextual: o Foro de Participación Infantil e Adolescente de Teo⁵

Na actualidade, Teo conta cunha poboación de 18.632 habitantes, dos que 9.497 (un 50,97%) son mulleres e 9.135 (49,03%) son homes; experimentando un incremento demográfico nas últimas décadas, especialmente dende o ano 1996 até o 2012. Segundo consta nos datos do IGE (2020), en Teo hai 3.037 persoas menores de 18 anos (1.537 nenos e 1.500 nenas), o que supón un 16,3% da poboación. Un colectivo que, nos últimos anos, está sendo obxecto de especial atención por parte da comunidade e da administración pública, a fin de mellorar -e garantir- a súa calidade de vida, á vez que pretende formalos como persoas adultas que participen dos valores democráticos da cidadanía no seu conxunto.

Neste marco, co propósito de mostrar o interese e a implicación no relativo aos dereitos da infancia e a adolescencia, e máis concretamente no referido á súa participación social, o Concello de Teo creou dúas estruturas formais: o Consello Local da Infancia e Adolescencia (CLIA) e o Foro de Participación da Infancia e a Adolescencia (FoPIA), tal e como se reflicte no Plan Integral de Infancia e Adolescencia 2018-2021 (2017). A diferenciación de espazos responde ás recomendacións que o programa CAI efectúa para un bo funcionamento das estruturas de participación infantil e adolescente a nivel local.

⁵Teo é un dos nove concellos galegos que forman parte da Rede de CAI, xunto cos concellos de Moeche, Cabanas, Carnota, Redondela, Porriño, Tomiño, Castrelo de Miño e Ourense.

O presente estudo, céntrase no FoPIA, en tanto que órgano e espazo onde se promove e dinamiza a participación infanto-xuvenil do municipio e das NNA que o conforman. A continuación preséntase unha descrición da estrutura e organización do foro en diferentes apartados, baseados na análise documental e a información recollida no traballo de campo (descrito no apartado 2 referido á “Metodoloxía de investigación”).

4.1. Definición e funcións do FoPIA

Si ben o FoPIA constitúe o obxecto deste estudo, resulta conveniente definir primeiramente o CLIA, por ser a estrutura de referencia institucional no que se incardina o FoPIA. O CLIA defínese como o órgano -enmarcado dentro dos consellos de participación cidadá- no que se abordan os asuntos relacionados coa situación de nenos, nenas e adolescentes que viven no municipio. Trátase, pois, dun mecanismo para a colaboración entre as NNA e as persoas adultas nas políticas municipais, e especialmente naquelas que lles afecten e/ou lles interesa de cara a promover o seu desenvolvemento persoal. En síntese, configúrase como un órgano participativo -de carácter consultivo e informativo- e de representación do conxunto da infancia e adolescencia do Concello de Teo.

Pola súa parte, o Foro de Participación da Infancia e a Adolescencia (FoPIA) é o órgano conformado exclusivamente polas NNA e unha persoa técnica municipal. Así, tomando como referencia o Regulamento⁶ do CLIA (aprobado o 31 de xaneiro de 2018 polo Pleno do Concello), as principais funcións do FoPIA son as seguintes:

- Realizar sesións de traballo antes de cada reunión do CLIA. As decisións tomadas trasladaranse ao Pleno do CLIA, que serán respondidas no prazo que se estipule.
- Facer efectivo o dereito a ser escoitadas e escoitados en relación con todos os asuntos municipais que lles competen.
- Reunirse cando menos unha vez ao mes durante os meses lectivos escolares. En caso de ser necesario, o grupo dividirase en seccións que permitan os agrupamentos en función da idade, lugar de residencia ou estudo, etcétera, das NNA.
- Realizar actividades informativas tanto para as NNA participantes do FoPIA como para todas as persoas menores de idade do Concello que o desexen. A tal fin, considerarase un enfoque de xénero, equitativo e inclusivo.
- Desenvolver un regulamento específico de funcionamento, avalado polos propios NNA (recollido no Anexo I do Regulamento do CLIA).

⁶ Recuperado de https://www.teo.gal/sites/default/files/normativa_municipal/Aprob.%20definitiva%20Regul.%20consello%20local%20da%20infancia%20e%20adolescencia.pdf

4.2. Composición do FoPIA e funcións dos seus membros

Dende a constitución do FoPIA (a finais do ano 2017) a representatividade dos diferentes niveis educativos das NNA viuse incrementada de maneira gradual. Así, o primeiro ano de funcionamento (curso académico 2017-18) estivo conformado por NNA de 6º de Educación Primaria (EP) e 1º curso da Educación Secundaria Obrigatoria (ESO) dos diferentes centros escolares municipais (CEIP Os Tilos, CEIP A Ramallosa, CEIP A Igrexa Calo e o IES Cacheiras) así como integrantes da asociación recreativa e cultural ARC Os Tilos.

No presente curso académico (2020-21), o FoPIA está conformado por NNA dos distintos centros educativos, e máis concretamente por rapaces e rapazas dos cursos de 6º de Educación Primaria dos referidos CEIP, dos tres primeiros cursos da ESO e da Asociación ARC Os TILOS. A Educadora Social, en calidade de persoa técnica municipal, forma ao grupo e encárgase de acompañar e dinamizar as sesións de traballo do FoPIA, en consonancia coas funcións da secretaría do CLIA.

As persoas representantes de cada aula e/ou entidade desenvolven as seguintes funcións:

- Recoller todas as propostas, suxestións e comentarios do resto do alumnado da súa aula ou entidade.
- Recoller todas as suxestións presentadas nas caixas destinadas a tal efecto en cada centro ou entidade; de aí que se designe á persoa encargada de recollelas antes de cada reunión.
- Reunirse co resto das persoas representantes do FoPIA, presentar as propostas de cada aula ou entidade, ademais de decidir cales se levarán ás reunións do CLIA.
- Asistir ás reunións do CLIA e transmitir os acordos adoptados na reunión de representantes.
- Informar ás persoas representadas (aulas e asociacións) dos acordos tomados no CLIA.

4.3. Elección e renovación dos membros do FoPIA

No regulamento do CLIA establécese a “Proposta de regulamento do FoPIA de Teo” e descríbese o proceso de elección dos seus membros, que -polo xeral- ten lugar ao inicio do curso académico mediante a escolla democrática dun rapaz e dunha rapaza en cada centro ou entidade; de tal modo que se alterna a súa presenza nas diferentes reunións que teñan do FoPIA e do CLIA. Este sistema de elección debe garantir o voto segredo, a participación de todas as nenas, nenos e adolescentes así como o enfoque de xénero, respectando a paridade das persoas escollidas. Serán membros electos durante un curso académico, podendo ampliar a súa representación até un máximo de tres cursos máis por decisión dos propios membros.

4.4. Funcionamento e organización do FoPIA

O FoPIA adapta o seu funcionamento ao curso lectivo escolar; isto é, desde o mes de setembro ao de xuño. Para elo, desenvolve reunións mensuais cando menos unha vez ao mes, aínda que -dependendo da complexidade e importancia dos asuntos a tratar- poden ampliarse a dúas ou tres sesións mensuais. A variación do número de sesións correlaciónase coas accións, actividades e/ou proxectos que se están a desenvolver no devandito órgano; de tal modo que, segundo establece o propio regulamento, en ocasións confórmanse comisións ou subgrupos de traballo para abordar en simultáneo diferentes temáticas. Con todo, é unha decisión flexible pois as nenas e os nenos que así o desexen poderán estar nas distintas iniciativas.

As sesións ordinarias concréntanse un día e unha hora de fácil lembranza (por exemplo, o último luns de cada mes ás 17:00h.) que, xunto ao calendario predeterminado (curso lectivo), permiten organizar de forma máis doada as -xa de por si- sobrecargadas axendas das NNA. No caso das sesións extraordinarias ou de comisións/subgrupos, adecúanse atendendo ao traballo que estean a desenvolver así como á dispoñibilidade das persoas integrantes. A duración habitual das sesións sitúase en torno aos 90 minutos; un tempo que se estima suficiente para abordar todas as cuestións do modo máis axeitado posible, evitando o cansazo e/ou desinterese nas NNA coa prolongación das sesións.

O Salón de Plenos do Concello é o espazo habitual no que se celebran as reunións do FoPIA dende a súa constitución. Sen embargo, por mor da situación sociosanitaria derivada da pandemia producida pola Covid-19, dende marzo do ano 2020 o desenvolvemento das sesións viuse modificado tanto no relativo ao formato como ao espazo de reunión. En consecuencia, optouse por alternar encontros de semipresencialidade (un número reducido de NNA no Salón de Plenos e o resto nos respectivos fogares) coa modalidade telemática (a través de plataformas de comunicación virtuais como JitsiMeet e Microsoft Teams). A escolla dunha ou doutra modalidade respondía ás medidas de seguridade estimadas polas autoridades sanitarias das respectivas administracións autonómicas e/ou estatais en cada momento.

En relación á organización interna, o FoPIA envía -de forma periódica e cunha semana de antelación- aos membros do grupo (Anexo 6) a convocatoria oficial na que se recolle a orde do día de cada sesión. Despois da súa celebración, redáctase a acta cos acordos adoptados, e achegarase xunto á convocatoria da seguinte sesión, que comezará coa súa aprobación non só como parte formal do proceso senón como unha estratexia para recordar o traballado e o acordado na sesión anterior.

Ademais, nas xuntanzas que teñen lugar entre os meses de setembro e novembro, planifícase o desenvolvemento de todo o curso, no que abordarán as seguintes cuestións: formación e selección das e dos representantes nos centros educativos, elección do dereito e os contidos-temas a traballar ao longo do ano, así como a previsión de actividades para o primeiro trimestre. Entre estas actividades, destaca a preparación da reunión do CLIA que polo xeral ten lugar en datas próximas ao 20 de novembro, co gallo do Día Mundial da Infancia e da aprobación da Convención dos Dereitos da Infancia. A última sesión do FoPIA coincide coa celebración da segunda sesión do CLIA no mes de xuño, e ten como obxectivo repasar o traballo realizado ao longo do curso e recoller novas propostas de actuación.

4.5. Os temas do FoPIA

En liñas xerais, os temas que se tratan no consello infantil e adolescente de Teo pivotan en base a dous criterios esenciais: os dereitos da infancia e as cuestións que preocupan ás NNA da súa realidade local máis próxima. No relativo aos dereitos da infancia, a escolla realízase por dúas vías: a primeira céntrase no dereito a analizar e traballar das NNA por consenso; mentres que a segunda atende ás propostas que UNICEF realiza aos consellos da infancia e adolescencia da rede de CAI. Neste senso, o primeiro ano seleccionouse o dereito á participación pois consideraban que constituía o primeiro punto de partida; seguidamente, no segundo ano, traballouse o dereito á igualdade e non discriminación. No presente curso, o dereito á saúde (infantil) centra a actividade e acción do FoPIA; unha decisión motivada pola pandemia derivada da Covid-19.

No referido ás cuestións que lles preocupan ás NNA, alude aos temas do seu interese (necesidades, inxedanzas...), así como aos asuntos relacionados co seu benestar. Por medio do FoPIA, canalizan e recollen as diferentes propostas achegadas dende os centros escolares, das caixas de suxestións -de cada centro e/ou entidade- e do propio órgano (Anexo 7). Posteriormente, estas propostas son deliberadas no grupo, ademais de ser presentadas polas NNA ao conxunto do CLIA nas respectivas reunións bianuais para ser escoitadas, debatidas e respondidas por parte do goberno local.

5. Resultados e discusión

A continuación, preséntanse os resultados seguindo a secuencia dos bloques temáticos que configuran o guiión dos instrumentos de recollida de datos, triangulando a información obtida na entrevista (E) coa do grupo de discusión (GD). Cómpre matizar que -segundo as tendencias académicas e investigadoras- xunto á análise descritiva dos resultados, elabórase a discusión dos mesmos; a fin de fortalecer o apartado empírico reforzando a información obtida no traballo de campo con estudos relativos aos temas abordados.

- **Funcionamento do consello infantil e adolescente**

O primeiro dos bloques alude a cuestións xerais orientadas a coñecer o funcionamento do Consello e os efectos que provocou a pandemia no seu desenvolvemento cotiá. No que atinxe á *organización*, cómpre salientar o feito de que -en cada reunión do FoPIA- “sempre intentamos aprobar a acta da sesión anterior, non só como formalismo senón para repasar e ver onde quedamos na sesión anterior ou que temas estabamos tratando” (E1). Esta actuación posibilita que aquelas NNA que non asistiron á/s anterior/es sesión/s podan situarse nos temas analizados e se sintan partícipes do que se está a facer, co obxectivo de evitar unha posible desconexión e/ou desmotivación fronte a un maior sentimento de pertenza e identidade para con o grupo. De aí que as temáticas analizadas nas diferentes sesións e incluso o modo de desenvolve-las xira en torno aos rapaces e rapazas. Así as cousas, nun curso académico marcado pola pandemia, tentouse que fosen “as propias nenas e nenos quen levaran a moderación e a dinamización da reunión, comezando por aquelas que teñen máis experiencia para que os outros tamén vaian imitando” (E1). Con esta acción refórzase a implicación e motivación das NNA así como o seu papel protagónico como parte integrante da cidadanía; ademais de camiñar cara a formas ou niveis de participación real e efectiva de NNA, tal e como se adiantou no marco teórico-conceptual do presente traballo.

No relativo ao *espazo* de celebración das reunións do Consello, a decisión de realizalas na propia sede do Concello ten un valor simbólico relevante que -no fundamental- responde a varias razóns: é unha forma de prestixiar o Consello, recoñece publicamente a súa importancia e, por último, contribúe a identificalo como unha institución pública cidadá (Trilla e Ayuste, 2018). Un recoñecemento que, tal e como recolle a CDN, comporta un paso importante no cumprimento do dereito á participación das NNA en todo aquilo que lle concirne, ademais de progresar cara a un novo paradigma da participación. No entanto, logralo implica recoñecer ás NNA como protagonistas, incorporando as súas subxectividades -diversas e plurais- ás políticas públicas municipais (Novella e Sabariego, 2020).

As principais *accións, actividades e/ou proxectos* máis relevantes e importantes, agrúpanse en dúas categorías. Dunha banda, a que relaciona os espazos de encontro con outros axentes e/ou órganos de participación externos (autonómicos e estatais); doutra, a que supón unha maior implicación, creación e toma de decisións por parte dos NNA, e que derivan en resultados tanxibles e visuais. Na primeira categoría, destacan os encontros organizados por UNICEF, tal e como expresa GDn1:

“gústame porque está todo o mundo (...), reunímonos todos e estamos alí un fin de semana e entón, ben, ten experiencias, estar alí con outra xente, compartir ideas... pero tamén reunímonos e despois temos unhas horas de xogos e outras como máis de falar”.

As visitas ou encontros, ao Parlamento galego ou co Director Xeral de Familia, Infancia e Dinamización, tamén representan a “oportunidade de escoitar experiencias que se fan noutros concellos (...) e isto dálles moitas ideas e ao mesmo tempo identificalles cun xeito de ser e de participar” (E1). Uns espazos de encontro que aportan beneficios, pois reforzan a idea de que a participar se aprende participando (Trilla e Novella, 2008), independentemente da magnitude do órgano ao que se pertenza. Igualmente, posibilitan adquirir capacidades e habilidades sociais relativas ao traballo en equipo, á creatividade, á comunicación, ao diálogo e á deliberación dos temas a tratar. En definitiva, unha serie de aprendizaxes e capacidades que dotan ás NNA de ferramentas que promoven unha maior autonomía e seguridade no exercicio da súa cidadanía.

A segunda categoría alude ás accións e actividades que permiten unha maior implicación e liderado das NNA para transformar a súa realidade social máis próxima. Mostra disto, é a actuación sobre a campaña de seguridade viaria que as NNA desenvolveron no primeiro ano de posta en marcha do FoPIA, xa que “tivo como moitas partes atractivas para eles, e despois porque involucrou a máis membros da familia e máis membros da comunidade” (E1). Ademais, o interese por gravar e transmitir as mensaxes promove unha maior implicación, protagonismo e responsabilidade para con as demandas da súa comunidade de pertenza e referencia. Unhas demandas que, segundo E1, “saen no consello, e de forma moi recorrente. Vese que as propostas dos nenos e nenas están ou son as propias que ten a comunidade”. Esta circunstancia evidencia que as NNA -ao igual que as persoas adultas- son membros activos da sociedade, con capacidade para observar a súa contorna e aportar melloras en beneficio da comunidade; de aí que se deba garantir o seu dereito á participación na vida política, cultural e social como o resto das persoas adultas.

En canto ao grao de motivación e participación das NNA, consideran que a pandemia provocou desánimo, expresando que “síntome como menos animada a falar e a opinar cando estou detrás da pantalla que cando non” (GDn1). Unha visión compartida pola Educadora, quen considera que “ás veces, eu creo que xa hai xente que ao non estar presente xa non fai tanto por expresar a súa opinión. Isto notámolo na última sesión entre as persoas que estaban en presencial e as que estaban no seu fogar” (E1). Unha dificultade que tamén manifesta GDn2 pois considera que a semipresencialidade motivou a marcha da súa amiga do FoPIA, “porque non lle gustaba nada que sexa telemática. Supoño que tamén será razón de moitos porque é verdade que non é o mesmo. Non sentes que estás aportando tanto como se estás en persoa”.

En definitiva, as súas respostas permiten apreciar que a presencialidade é sinónimo de maior participación, motivación e implicación das persoas que o conforman, fronte á distancia física que impón a modalidade online. Así e todo, ambas partes recoñecen que o formato telemático goza de certas vantaxes, como por exemplo o uso dos tempos e a xestión dos desprazamentos, xa que “o bo que ten a distancia é que non dependes de que te traian ou te leven. O Concello de Teo non é algo que ti podes ir andado dun lado para outro” (GDn1). Na mesma liña, E1 considera que “coas novas tecnoloxías non te tes que desprazar, non gastas tanto tempo nos desprazamentos”. Un novo escenario derivado da Covid-19 que dá continuidade ás actividades desenvolvidas no marco do FoPIA, adaptándoas á nova realidade, e que demostra que -incluso nas adversidades- as NNA poden converterse en axentes sociais activos para expor solucións na súa propia realidade. Así, e pese a que prefiren as sesións presenciais fronte ás virtuais, constitúe un indicativo para comprender que o dereito á participación debe garantirse baixo calquera circunstancia.

- Percepción sobre a participación e experiencias participativas

Este bloque de preguntas versa sobre a percepción da participación e as experiencias existentes no municipio. Ao abeiro das respostas pódese afirmar que ambas partes consideran a participación como un dereito fundamental das NNA con independencia da súa condición e serve para expresar as súas opinións, pois -como parte da cidadanía- deben ser escoitadas e consideradas. Así o manifesta GDn2, cando di que “a min encántame a parte de todas as reunións que facemos e as actividades como que nos tomen en serio, que sexamos un máis, que nos escoiten e que podamos falar. Faiche sentir importante”. Unha visión que comparte GDn3 cando afirma “que nos fan sentir importantes porque nos toman en serio”. Unhas respostas que recordan á primeira premisa á que se aludía no referencial teórico: “querer participar” para promover a participación; pois ademais de constituír a razón esencial para facelo, favorece sentimentos de ilusión, desexo ou necesidade de participar.

Neste senso, E1 destaca que -máis aló de dereitos- son suxeitos cun “pensamento propio, cada un adaptado á súa evolución e desenvolvemento. Pero en todo caso con capacidade para opinar e interpretar os feitos que ocorren na súa contorna e ter unha visión propia”. É dicir, as NNA constrúen a súa imaxe de cidadás no exercicio da cidadanía; de aí a necesidade de acompañar e guiar -principalmente polos equipos do Goberno Local- este proceso de construción para que “a infancia e adolescencia se recoñezan como membros do municipio responsables e construtores do seu entorno nun marco de convivencia diverso e plural” (Novella e Llana, 2018, p. 109).

Un recoñecemento que precisa dun cambio de mirada respecto da infancia, pois aínda impera unha visión “moi adultocéntrica, a opinión que vale sempre é a do adulto, e iso

conforma a relación que as persoas adultas teñen coa infancia e coa adolescencia” (E1). En consecuencia, dirá Gaitán (2018, p. 46), que ante a emerxencia dos NNA como novos actores na vida social, se requiren “cambios nas mentalidades compartidas socialmente e emanadas dende a posición de poder adulto que oprimen a axencia das NNA”. Con todo, E1 considera que existen unha serie de factores e/ou aspectos que condicionan este cambio: dunha banda, refírese aos termos para denominar á infancia -menores ou NNA- pois entende que o primeiro dos conceptos “fai referencia a esa minusvaloración social polo simple feito de ser menor de idade”; en cambio, o termo NNA(s) implica o recoñecemento á súa capacidade como suxeitos que exercen plenamente os seus dereitos (DIF e UNICEF, 2014). Doutra, evidénciase o carácter voluntario -no marco legislativo- dos Estados á hora de garantir a participación social da infancia, aludindo ao alto consenso e baixa intensidade cos dereitos comentado por Casas (2008). Un asunto que precisa “dunha maior sensibilización social para estimar que todo ese traballo participativo ou esas opinións teñen sentido e estean ao mesmo nivel que o das persoas adultas” (E1).

Por esta razón, débense considerar os aportes persoais que xera nas NNA o propio exercicio da participación, entre os que destacan o “crecemento persoal supoño porque estamos aprendendo un montón de cousas que eu persoalmente non tiña nin idea” (GDn2) e que “estou aprendendo moito máis do que sabía, que non sabía case nada disto” (GDn4). Un sentimento que tamén comparte GDn3, pois afirma que lle gusta “escoitar as opinións dos demais e aprender novas cousas”. Na mesma liña se expresa GDn1 cando afirma que “o importante é pois participar ti sen deixar de escoitar o que din os demais (...), coñecer a opinión doutra xente sobre os mesmos temas ca ti e saber escoitala e saber adaptala a túa para facer algo en común, aínda que ao final non sempre penses o mesmo”. Unha apreciación que lembra que a participación infantil supón colaborar, aportar e cooperar para o progreso común (Hart, 1992), dando prioridade ao colectivo fronte ao individual nun contexto de igualdade -en termos de horizontalidade- e de diálogo -entre as NNA e as persoas adultas. Ademais, a capacidade para implicarse en accións colectivas favorece a construción da identidade comunitaria e o sentido de corresponsabilidade.

Ao mesmo tempo, as NNA manifestan a importancia e a necesidade de participar naqueles asuntos que lles afectan, pese a que tamén evidencian as limitacións para poder exercela. Así o explica GDn2:

“si, porque se non aportamos nada os adultos están tomando decisións por nós e moitas veces sen preguntarnos pola nosa opinión. Entón, temos que esperar a que sexamos adultos para poder explicar como nos sentimos en todo, é como si nos estivesen invisibilizando ou non deixándonos facer cousas”

Estas palabras recordan o trato recibido pola infancia ao longo da historia como colectivo diferenciado e invisibilizado, ao ser vistos como débiles en formación e como obxecto de

protección. Así, convindo con Novella e Llana (2018), o feito de non ter recoñecida a súa cidadanía limita as posibilidades de que as NNA interveñan con pleno dereito na vida política e social e, por ende, na comunidade de pertenza. Respecto das decisións que se toman dende o Concello, GDn1 sinala como limitación “que non sabes moi ben como facer para influír nelas”. Unha afirmación que se identifica co “saber participar” como parte do proceso participativo, evidenciando a importancia de educar *na* e *para* a participación, dotando ás NNA das ferramentas axeitadas para elo.

Unha necesidade que ha de verse reforzada coa participación das NNA noutros ámbitos diferentes ao FoPIA (familia, escola...), pois “levas máis experiencia de como falar e todo isto” (GDn2), o que corrobora a incidencia educativa dos consellos infantís na adquisición e desenvolvemento de habilidades e capacidades das NNA que participan nestes órganos. Unha diversidade de aprendizaxes e capacidades que posibilita avanzar na súa autonomía e seguridade no proceso de toma de decisións naquilo que lles concirne.

Ademais, coinciden na homoxeneidade do perfil das e dos vogais do órgano e os desequilibrios na asistencia continuada ás sesións. A este respecto, E1 aclara que:

“vexo que hai un boom inicial de exploración (...) sen saber moito o compromiso que require (...), e despois xa un baixón de todos os que non poden participar porque lles coinciden con outras actividades (que isto pasa moito). Logo mantense estable e ao chegar maio volve haber outro pequeno baixón que é moi contraproducente porque xusto é para preparar a sesión do CLIA de xuño, e hai como un retroceso”.

Mentres, GDn1 destaca que “hai xente, que estamos os mesmos sempre e o mesmo perfil de xente”, e GDn2 engade que:

“ao final sempre estamos os que máis se comprometen porque ao principio de curso está moita máis xente e despois acábanse indo e a min dáme moita rabia. No instituto ninguén quixo probar do meu curso, nin a intentalo. E é certo que se están perdendo un montón de cousas e despois quéixanse e non lles gustan cousas pero non fan nada por cambialo”.

Uns argumentos expresados no Grupo de Discusión e que aluden á visión nesgada que o resto de NNA teñen sobre a identidade e finalidade deste órgano, véndoo “como algo aburrido principalmente. Algo que non lles interesa” (GDn2); e tamén ao enfoque que se dá na presentación do FoPIA nas sesións iniciais do curso lectivo, pois “eu creo que está mal enfocado, a maneira de presentalo. Creo que non é exactamente como se debería enfocar” (GDn1). Unha opinión compartida por GDn2, quen considera que “eu penso totalmente que está mal enfocado e que a xente o ve como máis clase, máis deberes ou máis cousas que facer e pasan totalmente”.

En canto ao *coñecemento e/ou participación noutras iniciativas ou experiencias* de participación en Teo, estas pódense agrupar nas seguintes categorías. Na primeira, atópanse as lideradas pola administración e outras asociacións socioeducativas comunitarias, entre as que destacan a iniciativa “Escola Ecoloxista” impulsada dende a área

de Mocidade, e a asociación ARC OS Tilos. Na segunda categoría atópanse as iniciativas promovidas e lideradas exclusivamente por NNA do municipio, concretamente o movemento ecoloxista *Fridays For Future Teo* (FFF), inactivo na actualidade por mor da pandemia. Sen embargo, dado que dúas persoas integrantes do FoPIA tamén son do FFF, acordaron -derivado do encontro no GD- reactivar a iniciativa convidando ás outras dúas participantes a unirse ao grupo. Si ben estas iniciativas son escasas e puntuais, E1 evidencia síntomas de que “se están incrementando esas iniciativas (...) ultimamente, que si hai outras iniciativas do concello que se busca máis a participación da infancia (...), como cada vez aparece máis involucrada a infancia en máis asuntos sobre todo na área de cultura e educación”. Un avance que xoga a favor na consolidación da súa participación a nivel municipal á vez que se amplifican outras formas esenciais e complementarias na transformación e cambio da súa contorna por parte das NNA; de tal forma que se potencian e reforzan estruturas orgánicas, procesos participativos e experiencias lideradas polos NNA (Novella e Sabariego, 2020). Finalmente, comentan que o FoPIA é a canle para informarse destas iniciativas, pois “a maioría das actividades que facemos é dende o FoPIA” (GDn2) e aínda que sexan “independentes do FoPIA pero si que é verdade que nolo dixeron aquí” (GDn1). En definitiva, coinciden en afirmar que é un espazo que resulta positivo non só para garantir información senón para promover unha formación permanente e axeitada para con as NNA.

- A práctica socioeducativa

Este bloque específico céntrase na figura da persoa dinamizadora como un dos principais axentes implicados na creación, xestión e implementación do consello infantil e adolescente. Ademais, para a presente investigación considérase oportuno analizar o seu quefacer como profesional da Educación Social.

O *perfil profesional* de E1 vincúlase ao eido da participación de NNA por formación universitaria (Licenciatura en Pedagogía), por formación laboral ao participar en encontros, congresos e seminarios sobre a participación infantil -pois considera que “me axudou a ter esta conciencia sobre a participación e a consideración das opinións da infancia e dese rol activo” (E1)-, e tamén por formación específica recibida dende a posta en marcha do proxecto de CAI.

A súa *dedicación* aos asuntos relacionados coa participación de NNA é parcial, cunha media semanal de un día; unha estimación que resulta flexible pois “pode ampliarse a dúas ou tres xornadas laborais na mesma semana pero logo hai outras que non lle dedico nada” (E1). Un tempo que estima insuficiente pola dimensión do proxecto, que precisaría “persoal a tempo completo” para un maior acompañamento no apoderamento do grupo no logro da súa autonomía. De aí a necesidade de destinar os recursos -humanos e económicos- suficientes

para fomentar unha participación real de calidade, valorizándoo consello das NNA. Unha cuestión que, segundo Comas et al. (2018), esixe liderado e compromiso político.

Os *principios e/ou criterios* nos que asenta a súa praxe para impulsar a participación infantil aluden a: o xénero, a inclusión, o liderado, o respecto ás opinións de NNA, a transparencia e o traballo coas familias; pese a que “hai algúns destes criterios que xa veñen impostos desde o propio proxecto de UNICEF” (E1). Uns criterios/principios moi ligados aos valores axiolóxicos do quefacer profesional da Educación Social, así como ás competencias e prácticas que as e os educadores sociais deben desenvolver a fin de garantir a calidade do acompañamento e o apoio ás persoas, grupos ou comunidades; uns principios que, en clave pedagóxica e social, deben sustentar a ensinanza de competencias, habilidades e destrezas para o logro da autonomía das NNA.

As *funcións principais* da tarefa dinamizadora identifícanse coa comunicación e o desenvolvemento das sesións no marco interno do FoPIA. No primeiro caso, E1 elabora as diferentes convocatorias e posteriores actas de cada encontro, informando e comunicando ao grupo e ás súas familias as accións e actividades facilitadas por UNICEF. Igualmente, manifesta que tamén “son a referencia delas e deles para este proxecto, intento a proximidade, a afectividade... intento crear un vínculo que a pandemia tamén dificulta” (E1); un rol de referencia que se corresponde con un dos principios na relación educativa na acción comunitaria, naquela na que “o educador/a se converte no profesional de referencia para a poboación, realizando funcións de asesoramento, de apoio, información..., encamiñadas á consecución da autonomía dos suxeitos e comunidades” (Varela, 2012, p. 257). Considerando este principio de actuación, E1 delega a función dinamizadora ás e aos propios NNA do grupo en cada sesión; unha actuación que resulta fundamental para traballar o liderado e a corresponsabilidade, dotando de maior protagonismo ás NNA. Ao tempo que supón avanzar cara a maiores niveis ou formas de participación (Hart, 1992; Trilla e Novella, 2008), pois destaca que as participantes do FoPIA “si teñen máis preparación que outros iguais que non participaron ou non tiveron a oportunidade para facelo” (E1). Esta apreciación evidencia os beneficios e a necesidade destas estruturas de participación como potenciadores educativos e formativos de cidadanía activa, informada, consciente e responsable (Trilla e Novella, 2011).

Estes desafíos concréntanse en prácticas participativas da infancia e a adolescencia -e por tanto da Educación Social- no municipio, favorecendo o principio de inclusión para promover a participación de todas as NNA nas súas múltiples realidades. Unha cuestión que require dun esforzo adicional para adaptar ou (re)pensar estratexias ou metodoloxías que permitan garantir e facilitar a participación de NNA; de aí a necesidade de que os consellos sexan

“accesibles a todas as NNA e estar presentes en todos os territorios” (Comas et al., 2018, p. 154).

En canto ás *ferramentas e estratexias metodolóxicas* para fomentar a participación social de NNA, cómpre dicir que tamén se fai uso das deseñadas por UNICEF; non obstante, óptase por adaptar as temáticas aos intereses das NNA, desenvolvendo actividades activas, creativas e con impacto e/ou repercusión na súa contorna. En palabras de E1,

“Algo que sexa activo (o de gravar vídeos), o de principio de actividade... que non sexa só exclusivamente de dar a súa opinión, quero dicir, senón tamén lle buscamos o efecto de que repercuta na comunidade por iso tentamos sempre gravar as cousas, as actividades que facemos... tamén para que chegue a máis nenas e nenos e a todo o mundo”.

Unha visión que comparten Novella e Llena (2018), cando aluden á importancia de avanzar no acompañamento socioeducativo, alén de estar presentes en espazos de información, de promover a escoita activa e de facilitar a expresión de opinión; polo que resulta necesario articular accións comprometidas desde prácticas implicativas que fomenten o pensamento crítico-reflexivo. Así, as dinámicas grupais constitúen outra estratexia para potenciar este cambio de perspectiva participativa, sen que se limiten ao intercambio e ao diálogo senón que han de entenderse como oportunidades para educar en valores, pois “intentamos sempre que salga a parte emocional: como están, como se senten coas actividades...” (E1); un obxectivo que resulta esencial para coidar a autoestima e reforzar a cohesión do grupo.

Nestas razóns aséntanse determinadas decisións, pois -en ocasións e sobre todo coa modalidade online- anímase ou “forzamos un pouco a participación” (E1) cando se precisan persoas voluntarias. Esta actuación débese a que “non están acostumbrados e acostumbradas a participar nas aulas porque é un modelo tan tradicional de ensino que non se lles pide a súa opinión sobre as cousas” (E1); un exemplo do traballo que aínda queda por facer de cara a seguir impulsando a participación nos diferentes ámbitos ou contextos nos que teñen presenza as NNA.

Na última das cuestións formuladas, evidéncianse as *repercusións* da participación infantil nas diferentes partes implicadas/beneficiarias, derivadas da existencia -e presenza do proxecto a nivel local- dos tres anos de vida do FoPIA. Así, no que respecta aos propios NNA, E1 resalta a importancia da constancia no tempo do proxecto, pois “é como que xa vai dando unha perspectiva de que hai un movemento de participación (...) hai moitas nenas e nenos que non están participando na actualidade pero saben que o hai”. Unha duración e unha constancia que, ao seu modo de ver, permite crear conciencia e valorar as súas opinións; o que tamén aconteceu no caso do Concello, pois produciuse unha mellora na comunicación interna e no (re)coñecemento do órgano por parte do resto de áreas e departamentos municipais. Un beneficio que se viu reforzado pola actuación de E1, quen informa das propostas de UNICEF aos diferentes departamentos implicados na participación

infantil. Finalmente, tamén se destaca a creación de encontros a nivel municipal con persoas doutros programas comunitarios como estratexia que permite visibilizar o órgano de participación así como fomentar espazos para novas aprendizaxes.

En síntese, estes aspectos poñen de manifesto as potencialidades e os beneficios da participación infantil a nivel comunitario, camiñando cara unha cultura participativa e unha educación *na e para a* participación. No fundamental, é na participación social da infancia onde reside o desafío, polo que é preciso educar ás NNA nos seus dereitos para convertelos en persoas conscientes, críticas, autónomas e responsables dos procesos nos que participan (Novella, 2008).

- **Traballo en rede**

O seguinte bloque temático refire ao traballo en rede a prol do impulso da participación infantil e adolescente no marco institucional. Si ben son numerosas as áreas e/ou departamentos implicados⁷ no referido á participación de NNA (cinco das oito áreas de goberno), percíbese certa desatención na coordinación interna así como na falta de perspectiva interdepartamental. É dicir, non existe unha mirada conxunta do traballo que se realiza de maneira transversal nos diferentes departamentos e áreas, tal e como recolle o Plan Integral da Infancia e Adolescencia (PIIA, 2017). Isto débese a que:

“todas as partes implicadas teñen que pensar no mesmo proxecto dende as súas concellerías ou departamentos. E non é así, tería que haber outro enfoque diferente. Tamén é que se reúne pouco (a mesa de coordinación interna), igual si fora bimensual seguro que as cousas mellorarían xa que ao final todo require unha dinamización” (E1).

Pero tamén afirma que “nos concellos máis grandes aínda tes que facer moito máis traballo para poder relacionar e interconectar os departamentos” (E1). Un punto que require especial atención debido á incidencia que ten a calidade da coordinación interna no éxito do proxecto; isto é, as propostas e/ou demandas elaboradas no FoPIA deben responder ás demandas formuladas ademais de cumprir cos compromisos adquiridos.

No relativo á existencia de espazos de coordinación nos que participan outros axentes sociais municipais, atópase a *mesa de coordinación externa ou comunitaria*, configurada por representantes dos centros escolares, das familias, do ámbito da saúde pediátrica, de diversas asociacións, das forzas de seguridade, así como por outras persoas e entidades relacionadas -directa ou indirectamente- cos dereitos da infancia e a adolescencia⁸. Con todo, este espazo non conta na actualidade con ningunha actividade; xa que “está creada na teoría pero está por relanzar e volver a funcionar” (E1). En cambio, no CLIA é onde a

⁷ Benestar, Deportes e Persoal; Cultura, Educación, Participación Veciñal e Administración; Lingua e Mocidade; Servizos Básicos e Urbanismo, Seguridade Cidadá, Enerxía e Sostibilidade.

⁸ Tal e como se especifica no documento interno *Memoria de actividades 2017*.

entrevistada sitúa a coordinación e espazo de encontro dos diferentes axentes sociais (ANPAS, asociación ARC Os Tilos, os grupos políticos e representantes das diferentes áreas e concellerías), destacando que “está pendente de incorporar a figura do profesorado dos distintos centros”. Unha decisión que supón “unha ferramenta para multiplicar, é dicir, se hai xente que está sensibilizada pois é como crear un equipo de traballo máis amplo e o poder de incidencia penso que pode ser moito maior” (E1); a diferenza de GDn2, quen discrepa xa que “non me gusta (...) meter profesorado no CLIA”, pois considera que existe unha excesiva dependencia das persoas adultas cando queren facer algo.

A participación de NNA nestes espazos de coordinación, prodúcese de forma puntual e ten lugar na mesa interna; tendo como principal finalidade a de “saber que están facendo e tamén a que o persoal técnico e político tamén lles conten a eles que están facendo a nivel de políticas de infancia nos diversos ámbitos” (E1).

Por último, existe unha tímida colaboración con outras institucións e/ou organizacións socioeducativas que promoven a participación a nivel municipal, sobre todo en datas sinaladas como o 8M ou nalgunha campaña concreta; o que non deixa de ser unha participación simbólica das NNA na incorporación de accións organizadas de forma externa para elas e eles. Así, pese a que están pensadas para implicar ás NNA, estes non interveñen nin na súa definición nin nas decisións sobre o seu contido e desenvolvemento. Así e todo, estas accións potencian e contribúen na consolidación do FoPIA como órgano de participación infantil no marco comunitario, poñendo en valor que “hai algunha cousiña que se vai facendo e que da conta de que é un órgano que está presente” (E1).

- Valoracións e propostas de mellora

Nos instrumentos e protocolos aplicados, incorporáronse cuestións comúns orientadas a coñecer a valoración da experiencia do FoPIA así como os seus puntos fortes e febles dende os respectivos roles. Ademais, e de cara a coñecer os posicionamentos da dinamizadora e das participantes, engádense preguntas específicas axustadas a cada rol.

En liñas xerais, as partes implicadas coinciden en valorar de forma positiva esta experiencia. A necesidade e a importancia de contar con estes espazos de participación para reunirse, expresarse, falar con outras persoas (adultas incluídas), opinar libremente e escoitar ás demais persoas, son argumentos que comparten tanto as NNA como E1. Esta manifestación evidencia as potencialidades destes espazos de participación en aras de fomentar o desenvolvemento persoal e social das NNA para coa súa comunidade de pertenza.

No referido aos *puntos fortes*, as NNA destacaron a importancia de considerar as súas propostas e, sobre todo, valorar as súas opinións e formas de pensar, creando eses espazos de encontro que favorecen a aprendizaxe mutua. En palabras de GDn2 “igual que

eles nos ensinan a nós un montón de cousas, que nós tamén lles poidamos ensinar cousas sobre como pensamos e que queremos no noso futuro e nos nosos espazos”. Un argumento co que tamén concorda Hart (1992), quen considera que a participación infantil debe concibirse como un proceso de aprendizaxe mutua e con sentido bidireccional, fronte á concepción separada e illada predominante no devir histórico. Unha afirmación que comparte GDn1 cando afirma “que os adultos por moito que pensen eles non van saber, por moito que se esforcen, o que queremos nós”; o que revela a visión adultocentrista que impera das NNA como seres dependentes, de futuro e do que aínda non son (Gaitán, 2018).

O apoderamento das NNA constitúe o primeiro dos puntos fortes da participación infantil e adolescente; e acontece cando as accións das NNA teñen repercusións, porque “hai como un resultado digamos” (E1). Isto é, as palabras transfórmanse na acción, e os NNA son os auténticos protagonistas en todo o proceso (deseño, execución, toma de decisións, difusión, etcétera) de transformación da súa realidade social máis próxima: o ámbito local. Ademais, diría Hart (1992) que esta actuación favorece unha maior confianza en si mesmos/as e promoven o principio de iniciativa, en aras de continuar creando novas accións lideradas por elas e eles mesmos.

Finalmente, E1 salienta positivamente os momentos de encontro coa representación política do concello (nomeadamente, os encontros co alcalde) e os eventos que -cando presentan algunha das actividades ou accións desenvolvidas- congregan a moita xente. Trátase, por tanto, da proxección pública dos resultados obtidos e do proceso colaborativo seguido para conseguilos. Este último paso resulta moi significativo, xa que permite poñer en valor o traballo realizado e recibir o recoñecemento social e institucional que merece o órgano. Con este xesto potenciase a implicación e motivación das NNA e dota de maior sentido ao por que da participación (infantil e xuvenil).

En cambio, dende a perspectiva das NNA, os *puntos febles* denotan a falta de consideración como suxeitos plenos e como parte da cidadanía. Así o explica GDn1 cando afirma que “eu, creo que ás veces, por moito que se nos tome en serio co do CLIA, non se nos toma tan en serio como se nos debería tomar”. Neste senso, GDn2 indica que “temos que ter demasiado en conta aos adultos para as cousas que temos que facer”; unha percepción que alude á autonomía e á seguridade na toma de decisións naquilo que lles concirne. Este feito, seguindo a Novella e Llena (2018), mostra os desequilibrios que aínda perduran na consideración das NNA non só como suxeitos de dereitos, senón como suxeitos con capacidades.

Baixo a mirada de E1, identifícanse catro puntos susceptibles de mellora na participación infantil e adolescente. O primeiro refírese á maneira de involucrar ás familias no propio

proxecto xa que repercute de maneira directa en certos aspectos nas propias NNA (por exemplo, na asistencia ás sesións ou actividades que desenvolve o FoPIA); unha situación que se debe, en parte, ao “déficit de participación social do mundo adulto en todos os ámbitos” (E1). Outro dos motivos identificados é o cambio de modalidade no desenvolvemento das sesións -de presenciais a online- xa que non se produce o momento de encontro na entrada nin na saída. Un distanciamento que, en certo modo, condicionou o vínculo xerado coas NNA como coas familias; de aí a necesidade de traballar este aspecto coas familias a fin de sensibilizalas para avanzar no paradigma da participación. Para elo, é preciso (re)orientar as relacións entre as NNA e as persoas adultas, co obxectivo de que sexan máis equitativas e inclusivas. Polo tanto, o fomento de espazos, iniciativas e/ou experiencias nas que se producen estas interaccións comporta unha estratexia idónea para favorecer este contexto relacional na súa contorna próxima: a comunidade.

A necesidade dunha avaliación da experiencia por parte das NNA e as súas familias, representa o segundo punto feble sinalado por E1; pois considera que é un exercicio transversal que permite reflexionar sobre os aspectos susceptibles de mellora, toda vez que posibilita adecuar as accións regulando os tempos para acadar os obxectivos fixados. Ademais, neste proceso, é pertinente recordar os éxitos acadados e as capacidades desenvolvidas polas NNA nas diferentes accións para o seu logro. Resulta, pois, necesario “coidar a autoestima do grupo e fortalecer a súa confianza participativa” (Novella e Pasqual, 2018, p. 176).

O terceiro punto céntrase na necesidade de retomar a mesa de coordinación externa (comunitaria), así como de contar con mecanismos de coordinación e participación nos que estean presentes os diferentes axentes sociais do territorio; xa que resulta esencial crear as sinerxías necesarias para artellar axeitadamente -e de maneira integral- todos os asuntos relacionados co benestar e a calidade de vida da infancia no contexto comunitario. Concretamente, no referido aos ámbitos e/ou contextos (mencionados no apartado 3.3.3 do marco teórico) nos que as NNA teñen -e deben- desenvolver e experimentar a súa participación, aprendendo a participar nestes espazos.

En canto ás *preguntas específicas*, as NNA consideran que -en xeral- dende o Concello téñense en conta as súas solicitudes, propostas e/ou demandas; sendo conscientes das limitacións á hora de dar resposta a certas peticións por parte do Concello. Mostra disto é o comentario realizado por GDn1 cando afirma que “hai algunhas que si e outros que non, porque hai algunhas que non se poden polo que sexan (son propostas moi ambiciosas quizais), hai outras que son a longo prazo e entón estase niso, e outras que si se están facendo”. Unha opinión que tamén comparte GDn2 cando expresa que “tampouco é tan fácil porque hai moitas cousas que se escapan do control do Concello”. Unha afirmación que

denota a existencia dun intercambio de información coherente entre o goberno local e as NNA sobre as decisións tomadas e os seus motivos; xa que do contrario “o consello infantil converteríase nun organismo ornamental” (Trilla e Novella, 2011, p. 34).

Con todo, o maior número de respostas ante as súas propostas e que resultaban máis “visuais” datan do primeiro ano de vida do FoPIA. En palabras de GDn1 “eu creo tamén que as propostas do primeiro eran como máis, que se notan máis porque, por exemplo, unha recadación de fondos ti non o sabes pero se vas por un badén ou un paso de peóns iso velo”. Novamente, apréciase a importancia de ver materializadas as súas accións, converténdose en protagonistas das mesmas.

Esta manifestación reflíctese na unanimidade a favor da creación de máis espazos ou experiencias de participación en Teo, argumentando que “sería xenial, ter como o FoPIA ou ao igual que temos o de FFF Teo que é de ecoloxía, pois ter outros relacionados coa saúde, ou con actividades para Teo” (GDn2). Con todo, entenden que contar con estes órganos favoreceu o seu dereito á participación, máis tamén contribuíu a visibilizar o Concello servindo como reclamo para participar noutras accións e actividades. Igualmente, concordan en que son iniciativas desligadas da súa comunidade xa que moitas desenvólense *desde* ou *con* entidades alleas ao Concello de Teo. Neste senso, resulta necesario implicar ao resto da comunidade para vinculala co territorio e dar a coñecer esta estrutura ao maior número de persoas, tal e como se reflicte no PIIA (2017).

Co obxectivo de dar a coñecer o FoPIA e os seus beneficios, as NNA consideran que lles gustaría facer aquilo que até agora non fixeran. Concretamente, aluden á posibilidade de ser elas e eles mesmos os que desenvolvan a dinámica, a fin de mudar a visión errónea que impera sobre o FoPIA no resto de compañeiros e compañeiras dos centros escolares. Así o manifesta GDn2:

“a min gustárame que nós mesmos -os nenos- poder dar a coñecer doutra maneira diferente e outros aspectos nas escolas e institutos o que estamos facendo, porque como xa dicíamos antes que todos os nenos teñen unha visión negativa do que estamos facendo realmente no FoPIA: charlas, representacións, etcétera, que sexan así máis divertidas e que as nenas e os nenos podan ver que non é aburrido como pensan”.

Unha opinión que tamén comparten GDn4 e GDn3, cando indican que me “gustaría facer para dar a coñecer a nenas e nenos dos colexios, dos institutos ou do que sexa pois organizar excursións con isto do FoPIA, xogos para aprender máis ou menos como vai isto do FoPIA”, e “a min gustárame como din os meus compañeiros que se dea a coñecer como unha visión máis positiva do que facemos”, respectivamente. Ante esta apreciación cabe realizar dúas lecturas: a primeira alude á reiteración de adquirir maior protagonismo nas accións e iniciativas a desenvolver para transformar aquilo que lles rodea; en consecuencia, conséguese unha maior autonomía e autoxestión do grupo, como expresión máxima dos

órganos de participación infantil. A segunda lectura refire a importancia de empregar métodos que estimulen e inciten a participación das NNA, como por exemplo as potencialidades do xogo -recoñecido como dereito no artigo 31 da CDN- e os espazos lúdicos ou as dinámicas de grupo, máxime no contexto de crise sanitaria actual. Empregar estas ferramentas metodolóxicas favorece a confianza, os vínculos e a creatividade dos membros do grupo; ao tempo que potencia a conectividade coa súa maneira de entender e de relacionarse co mundo (Comas et al., 2018).

6. Conclusións e perspectiva

O dereito á participación da infancia e adolescencia no ámbito comunitario obxecto de estudo vese reforzado e impulsado coa creación de determinados órganos como son o CLIA e o FoPIA. Con todo, e pese á recente traxectoria deste último, pódese concluír que é un proceso en continua construción que permite garantir a participación activa e implicativa das NNA na conformación dunha cidadanía crítica, consciente e responsable.

A visión adultocéntrica de certa parte da poboación e a dependencia no proceso de toma de decisións nas cuestións que afectan ás NNA, condicionan as relacións interxeracionais e limitan -en ocasións- a participación da infancia nas actividades sociais, culturais e de ocio nos seus contextos de referencia; de aí a necesidade de promover máis espazos de encontro e participación para que as NNA poidan exercer este dereito. Un desafío en consonancia cos aportes persoais, sociais e educativos que o exercicio da participación xera nelas e neles. Estas accións permiten reforzar e potenciar a implicación, a motivación e o protagonismo das NNA en todo aquilo que lles concirne, adquirindo as capacidades e as habilidades necesarias para desempeñar unha mellor cidadanía, posibilitando a transformación da súa contorna social máis próxima en base á experiencia real vivida por medio do CLIA e o FoPIA.

Neste sentido, promover o protagonismo das NNA no desenvolvemento das iniciativas contribúe a potenciar o carácter educativo e formativo destas experiencias, á vez que implica reducir a visión negada do órgano que prevalece sobre as NNA do municipio en aras de conseguir prácticas participativas inclusivas que sexan garante dunha maior representatividade deste colectivo. Para incrementar as oportunidades de participación social, política e cultural da infancia e a adolescencia é preciso liderado e vontade política por parte da administración, para o que se precisan recursos e estabilidade dos equipos humanos no acompañamento socioeducativo. Unha actuación que permitiría consolidar os procesos participativos e a súa permanencia no tempo, facilitando o acompañamento e promovendo o apoderamento do grupo e a súa autonomía.

Neste proceso de construción, a pandemia sanitaria derivada da Covid-19 tivo notables repercusións que evidenciaron a importancia das novas tecnoloxías para exercer o dereito á participación. Unha nova realidade que revelou que a presencialidade resulta prioritaria para as persoas que conforman o FoPIA, pois o contacto e o achegamento físico posibilita relacións máis cálidas e humanas e facilitan formas de expresión que potencian a motivación e implicación das NNA naquelas actuacións que se están desenvolvendo así como no proceso de toma de decisións.

A aposta pola participación infantil e adolescente evidénciase nas progresivas repercusións sobre as partes implicadas (NNA, institución e municipio); un feito que supón avanzar cara á participación das nenas, nenos e adolescentes en base a resultados tanxibles que reforzan as potencialidades da participación cidadá -incluíndo a todas as persoas- nos diversos ámbitos da vida cotiá. Isto pon de manifesto a necesidade do traballo colaborativo entre as NNA e o resto de axentes sociais na busca de solucións *con* elas e eles, fronte ao *para* eles. De aí que se deba incorporar a avaliación participativa e o codiseño como estratexias que impliquen á infancia no proceso de innovación.

Neste proceso, cómpre destacar a especial relevancia da educadora social como mediadora entre o goberno local e as NNA, pero tamén -e especialmente- como profesional de referencia no FoPIA, pois encárgase de guiar e acompañar ao grupo naquelas ensinanzas que permiten ás NNA un maior apoderamento, pensamento crítico-reflexivo, autonomía para a xestión da súa participación así como impulsar o exercicio do dereito á cidadanía.

En liñas xerais, considérase que o traballo realizado dá resposta aos obxectivos formulados e descritos ao inicio deste informe, conxugando os contidos recollidos no referencial teórico coa información recadada no traballo de campo, con especial énfase nas testemuñas persoais. Ademais, incídese no papel da Educación Social como referente socioeducativo no acompañamento do cumprimento do exercicio da participación da infancia, como parte da cidadanía activa -e activista- nos procesos de cambio e transformación social da súa realidade social máis próxima: a comunidade. Todo elo apoiado na reflexión e análise do dereito á participación infantil a través do FoPIA, en tanto que estrutura conformada integramente por NNA.

Así e todo, o presente estudo mostra certas limitacións, xa que podería terse profundado máis en determinados aspectos; unha cuestión que -en parte- vén motivada pola extensión prefixada para a redacción do informe así como polo tempo establecido para desenvolver a investigación. Nesta liña, a modo de prospectiva, sería interesante ampliar o abano da mostra seleccionada a outros axentes sociais implicados na participación da infancia e/ou as NNA que non forman parte do FoPIA. Do mesmo xeito, en investigacións futuras poderá

analizarse a consolidación destes órganos así como a súa relevancia no que respecta á educación *na* e *para* a participación infantil e os beneficios que comporta, tal e como se pon de manifesto na aproximación teórica deste estudo.

Coa elaboración do presente traballo académico preténdese dar resposta ao cuarto dos obxectivos específicos, recoñecendo e poñendo en valor as iniciativas que favorecen a participación da infancia e a adolescencia a nivel galego; co propósito de animar e involucrar a outros concellos e entidades no avance da participación infantil no eido local. Neste sentido, sería pertinente que a administración autonómica crease o *Consello Galego de Participación Infantil e Adolescente* para potenciar a posta en marcha e o desenvolvemento destas iniciativas, experiencias ou proxectos.

Finalmente, co afán de responder ao quinto obxectivos deste traballo e contribuír na mellora da participación social da infancia e a adolescencia no concello de Teo, propóñense unha serie de recomendacións dende a Pedagogía-Educación Social.

En primeiro lugar, resulta necesario que o Plan Integral da Infancia e Adolescencia (PIIA, 2017) sexa o documento-guía para o deseño transversal das políticas municipais da infancia. A este respecto, é imprescindible incorporar o principio de igualdade de oportunidades nos distintos niveis e áreas políticas da Administración vinculadas coa infancia; recoñecendo e visibilizando ás NNA como cidadáns do presente con capacidade de decisión e organización.

Unha segunda proposta consiste en xerar e ampliar os espazos de encontro así como as iniciativas para a participación -de calidade- de NNA; uns espazos que superen a mera consulta e permitan unha participación liderada por elas e eles, invitando a transformar e cambiar a súa contorna. Isto é, que lles posibilite proxectar e construír a comunidade. Deste xeito, complementaríanse as formas de participación existentes á vez que se multiplicarían as oportunidades de vinculación de NNA a nivel local e global.

Por último, resulta indispensable (re)activar a mesa de coordinación externa como estratexia e mecanismo socioeducativo que permite potenciar a implicación de toda a comunidade e, especialmente, dos diferentes axentes sociais no avance cara a unha cultura municipal en prol da participación da infancia. Un quefacer que debe ser transversal, interdepartamental e colaborativo a fin de posibilitar a representación e incorporación das NNA como cidadanía activa nas diferentes decisións que se adopten no municipio. En definitiva, trátase de tender pontes para que a inclusión da infancia transcenda e transforme a contorna social próxima. Un desafío no que a Educación Social xoga, sen dúbida, un papel relevante.

7. Referencias bibliográficas

- Agud, I. e Llena, A. (2018). Implicaciones educativas y transformativas de los consejos infancia y adolescencia de ámbito local. En A. Llena e A. Novella (Coords.). *Impulsar la participación infantil: Los consejos de infancia y adolescencia*, (pp. 200-210). Graò.
- Albert, M^a. J. (2009). *La investigación educativa: claves teóricas*. McGraw Hill.
- Apud, A. (2001). *Participación infantil*. Colección Enrédate con UNICEF, formación de profesorado. UNICEF/comité País Vasco. www.ciudadesamigas.org/doc_download.php?id=20
- Ariès, P. (1988). *El niño y la vida familiar en el Antiguo Régimen*. Taurus
- Carbonell, J. (1996). *La escuela: entre la utopía y la realidad*. Octaedro.
- Caride, J. A. (2015). Pedagogía Social, Infancia e Desarrollo Comunitario. En K. Villaseñor, L. Pinto, M. Fernández y C. Guzmán (Coord.). *Pedagogía Social. Acción Social y Desarrollo* (pp.6-17). Benemérita Universidad Autónoma de Puebla.
- Casas, F. (1998). *Infancia: perspectivas psicosociales*. Paidós.
- Casas, F. (2008). Los derechos de los niños y las relaciones intergeneracionales. *Revista de Educación Social*, 38, 14-25. <https://www.raco.cat/index.php/EducacioSocial/article/view/165583>
- Casas, F., González, M., Montserrat, C., Navarro, D., Malo, S., Figuer, C. e Bertran, I. (2008). *Informe sobre experiencias de participación social efectiva de niños, niñas y adolescentes*. Secretaría General Técnica, Subdirección General de Información y Publicaciones.
- Comas, S., Costa, M., Escardíbul, S., Gallinat, Ò, Cortada, A., Gibert, M., Vidal, P. e Arnal, J. (2018). Criterios y reflexiones desde el acompañamiento técnico y dinamizador. En A. Llena e A. M. Novella (Coords.). *Impulsar la participación infantil: Los consejos de infancia y adolescencia*, (pp.143-157). Graò.
- Cruz, L. (2009). *Infancias y Educación Social: prácticas socioeducativas en contextos residenciales de protección en Galicia*. [Tesis doctoral]. Universidad de Santiago de Compostela. <http://hdl.handle.net/10347/2781>
- De Mause, LI. (1994). *Historia de la Infancia*. Alianza.
- Del Rincón, D., Latorre, A., Arnal, J. e Sans, A. (1995). *Técnicas de investigación en Ciencias Sociales*. Dykinson.

- DIF e UNICEF. (2014). *Observaciones Generales del Comité de los Derechos del Niño*. México.
- Gaitán, L. (2006). *Sociología de la Infancia*. Síntesis.
- Gaitán, L. (2018). Representaciones sociales de infancia y ciudadanía: entre el antagonismo y el cambio. En A. Llena y A. M. Novella (Coords.), *Impulsar la participación infantil. Los consejos de infancia y adolescencia* (pp. 33-50). Graó.
- García, E. (1991). *Una teoría práctica sobre la evaluación. Estudio etnográfico*. MIDO.
- González, J. M^a., León, A. e Peñalba, M. (2014). *Cómo escribir un trabajo de fin de grado. Algunas experiencias y consejos prácticos*. Síntesis.
- Hart, R. (1992). *La participación de los niños. De la participación simbólica a la participación auténtica*. UNICEF.
- Meirieu, F. (2004). *El maestro y los derechos del niño. ¿Historia de un malentendido?*. Octaedro.
- Novella, A. M^a. (2008). Formas de participación infantil: la concreción de un derecho. *Educación social*, 38, 77-98.
<https://raco.cat/index.php/EducacioSocial/article/view/165587/371722>
- Novella, A. M^a. (2012). La participación infantil: concepto dimensional en pro de la autonomía ciudadana. *Revista Teoría de la Educación: Educación y Cultura en la Sociedad de la Información*, 13(2), 380-403.
<https://revistas.usal.es/index.php/eks/article/view/9015/9259>
- Novella, A. M^a. (2014). Los consejos Infantiles como escuela de ciudadanía. En Acción Educativa (Ed.), *Infancia y Ciudadanía: VIII Encuentro La Ciudad de los Niños*, (pp.125-145). Acción Educativa. <http://accioneducativa-mrp.org/wp-content/uploads/2021/04/encuentro8.pdf>
- Novella, A. M^a. e Llena, A. (2018). El acompañamiento socioeducativo en la participación ciudadana. Los componentes pedagógicos en los consejos de infancia y adolescencia. En A. Llena y A. M. Novella (Coords.). *Impulsar la participación infantil: Los consejos de infancia y adolescencia*, (pp.97-120). Graó.
- Novella, A. M^a. e Pasqual, L. (2018). Avanzando desde las propuestas a la acción implicativa y comprometida. En A. Llena y A. Novella (Coords.). *Impulsar la participación infantil: Los consejos de infancia y adolescencia*, (pp.171-184). Graó.

- Novella, A. M^a. e Sabariego, M. (Eds.) (2020). *Infancia y participación. Por una ciudadanía activa e inclusiva. Informe de Resultados*. <https://doi.org/10.6084/m9.figshare.13296335.v2>
- Ruíz, J.I. (2007). *Metodología de la investigación cualitativa*. Universidad de Deusto.
- PENIA (2007). *Plan Estratégico Nacional de Infancia y Adolescencia 2006-2009*. Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales. <https://observatoriodelainfancia.vpsocial.gob.es/documentos/PENIA.pdf>
- PIIA (2017). *Plan Integral de Infancia e Adolescencia 2018-2021*. Concello de Teo.
- Rubio, M.J. e Varas, J. (1997). *El análisis de la realidad en la intervención social: métodos y técnicas de investigación*. CCS.
- Runge, A. K. (2008). Heterotopías para la infancia: reflexiones a propósito de su desaparición y del final de su educación. *Revista Latinoamericana de Ciencias Sociales, Niñez y Juventud*, 6(1), 31-53. <http://hdl.handle.net/20.500.11907/1149>
- Trilla, J. e Ayuste, A. (2018). Funciones y funcionamiento de los consejos de infancia y adolescencia. En A. Llena y A. M. Novella (Coords.). *Impulsar la participación infantil: Los consejos de infancia y adolescencia*, (pp.123-141). Graò.
- Trilla, J. e Novella, A. M^a. (2001). Educación y participación social de la infancia. *Revista Iberoamericana de Educación*, 26, 137-164. <https://redined.mecd.gob.es/xmlui/bitstream/handle/11162/20775/rie26a07.pdf?sequence=1&isAllowed=y>
- Trilla, J. e Novella, A. M^a. (2011). Participación, democracia y formación para la ciudadanía. Los consejos de infancia. *Revista de Educación*, 356, 23-43. http://www.revistaeducacion.educacion.es/re2011/re2011_02.pdf
- UNICEF (2003). *Estado Mundial de la infancia 2003*. Fondo de las Naciones Unidas para la Infancia. https://www.unicef.org/spanish/publications/files/pub_sowc03_sp.pdf
- UNICEF (2015). *Convención sobre los Derechos del Niño*. Rex Medial SL.
- UNICEF (2020). *Ciudades Amigas de la Infancia*. <https://ciudadesamigas.org/municipio-amigo-infancia/participacion-infantil/>
- Varela, L. (2012). *La Educación Social en las políticas públicas de bienestar: programas, experiencias e iniciativas pedagógico-sociales en los servicios sociales comunitarios*. [Tesis doctoral]. Universidad de Santiago de Compostela. <http://hdl.handle.net/10347/8169>

Anexos

Anexo 1. Protocolo e transcripción de entrevista á educadora social

A presente entrevista foi deseñada para a elaboración do Traballo de Fin de Grao (TFG) “O dereito da infancia á participación social: o caso do Consello Infantil e Adolescente de Teo”. O obxectivo da mesma é recadar a información necesaria para coñecer e analizar o papel da profesional técnica que realiza o acompañamento (dinamización) do FoPIA, así como as estratexias socioeducativas que emprega para impulsar e fomentar a participación social da infancia e a adolescencia no concello de Teo.

Para tal fin, como profesional de referencia, solicítase a súa colaboración e permiso para gravar a entrevista como medida de apoio. Todas as respostas van ser anónimas e a información recadada será única e exclusivamente empregada para o propósito do TFG, cumprindo así coa Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais. Moitas grazas pola túa colaboración.

1. Funcionamento do Consello infantil e adolescente

1.1. Cal é o funcionamento habitual do consello de infancia e adolescencia?

A ver, non sei se che explique aquí a diferenza entre o CLIA e o FoPIA xa que temos dous órganos de participación infantil. Un onde están representados a parte da infancia e a adolescencia, as persoas adultas e este é o órgano, digamos, máis formal que ten un regulamento propia e ten prevista a súa celebración dúas veces ao ano de forma ordinaria. E despois podería haber reunións extraordinarias. Unha destas reunións faise arredor do 20 de novembro coincidindo co Día Internacional da Infancia. E a outra soe ser no mes de xuño para digamos como unha culminación do curso lectivo porque aínda que se conta a nivel do programa marco CAI por anos, en realidade o funcionamento vai por curso lectivo. Como parte de eleccións ao inicio de curso nos centros escolares pois o mandato inicial de representantes é por un ano, que pode ser prorrogable, pero isto acota, influencia como é o seu funcionamento por curso.

E despois estaría o FoPIA que xa é o grupo de NNA coa persoa técnica municipal. Aquí xa as reunións son mínimo de unha mensual que despois soen ser dúas e ás veces tres. Tamén está previsto no regulamento que pode haber comisións ou grupos que se dediquen a diferentes temáticas. Xa hai dous anos se fixera algo neste senso, no que houbera un grupo que se dedicara a facer actividades en relación ao V Encontro Estatal de CAI e despois outro grupo máis involucrado na campaña de educación viaria en Teo. Pero existe flexibilidade porque hai xente que quere estar nas dúas, pois está nas dúas.

E este ano igual, está o tema do blogue, do teatro, do CON_LecerTeo e non sei se me falta algo. Pero ben, hai como diferentes iniciativas e entón, ah tivemos o de camiños escolares que afectaba sobre todo ao CEIP de Calo e involucramos tamén ás persoas que non participan na reunión dos luns porque non poden e si estaban dispoñibles para esta iniciativa.

1.1.1. Cales son as súas funcións?

Tería que revisalas pero son as que recolle o regulamento do CLIA e FoPIA.

1.1.2. Como se organiza?

Ben, non só é deste grupo pero solemos traballar cunha convocatoria previa que se manda cunha antelación dunha semana no caso do FoPIA, e de creo que son sete días no caso do CLIA. E despois de facer a sesión facemos a acta e na seguinte convocatoria se envía a acta. Sempre intentamos aprobar a acta da sesión anterior, non só como formalismo senón para repasar e ver onde quedamos na sesión anterior ou que temas estabamos tratando. Como para poñer a cabeza na actividade que se está facendo. Este ano empezamos, que está paralizado, intentando que sexan as propias nenas e nenos quen levaran a moderación e a dinamización da reunión comezando por aquelas que teñen máis experiencia para que os outros tamén vaian imitando, copiando e tal. E este é un pouco o funcionamento.

Ao principio elíxese que dereito digamos se vai a traballar durante ese ano. Isto ás veces xurde deles e moitas veces ven proposto por UNICEF. Ou ás veces, recordo o ano pasado me parece que se levaron diversos dereitos e elixiron no propio consello local cal se traballaba. Este ano xa pola pandemia, o tema do dereito á saúde creo que xa veu máis proposto por UNICEF se mal non recordo. Tamén se viu un pouco incentivado porque houbo a principio de curso uns encontros a nivel estatal que tiveron que ser telemáticos e entón aí a participación das nosas representantes que estiveron presentes condicionou. Si, foi proposto por UNICEF, o que pasa que había varias liñas dentro do dereito á saúde: abarca dende o dereito á auga, os temas máis relacionados coa saúde mental, a Covid, o cambio climático. Ben, quero dicir, había varios temas.

1.2. En relación aos temas analizados no consello do FoPIA, cales son, quen os propón e como se deciden?

Pois o primeiro ano comezamos co dereito á participación xa que nos parecía que era como o punto de partida, e despois o seguinte ano o dereito á igualdade e non discriminación. O do dereito á igualdade e non discriminación se elixiu nun consello local, foi esa vez que se escolleu entre as propostas que se levaban.

1.3. Que accións, actividades e/ou proxectos destacarías como máis relevantes dende o nacemento do consello?

Ben, eu creo que a campaña de educación viaria do primeiro ano foi moi importante porque tivo como moitas partes atractivas para eles, e despois porque involucrou a máis membros da familia e máis membros da comunidade. Recordo que había xente de protección civil, de perruquerías, de negocios, familias dos propios rapaces porque gravaron varios vídeos. Entón, é como que se buscou a complicidade doutros axentes da comunidade na experiencia, na campaña. Despois, claro tiña moito atractivo porque era gravar cunha produtora que sabía do tema (estaban tamén como este ano de actores e actrices) e iso é como moi importante. E as mensaxes que se transmiten -e hai falta de persoal agora mesmo- pero esta campaña podería estar agora mesmo seguindo impulsándose porque segue sendo (o outro día miraba no facebook) unha demanda da xente, aínda se queixan de que non hai beirarrúas en moitos lados, que os coches van a moita velocidade. Que ao final son as cuestións que saen no consello, e de forma moi recorrente. Vese que as propostas dos nenos e nenas están ou son as propias que ten a comunidade.

Eu vexo que tamén é moi importante a participación deles en eventos externos. O outro día que tivemos o encontro co Director Xeral de Familia, Infancia e Dinamización noteino. O problema é que participan poucos, porque aí sempre se piden representantes -nunca vai- ou poucas veces vai todo o grupo. É moi importante porque sempre teñen oportunidade de escoitar experiencias que se fan noutros concellos, neste caso a nivel galego pero imaxínate se é estatal, e isto dálles moitas ideas e ao mesmo tempo lles identifica cun xeito de ser e de participar e entón eu creo que iso é importantísimo. Por exemplo, o outro día que foi un neno -intentamos que haxa un equilibrio entre persoas con experiencia e sen ela- a participación foi súper importante para el poder estar, poder ver e identificarse con ese modelo de neno, nena e adolescente.

1.4. A pandemia mudou as nosas vidas cotiás en todos os ámbitos. Cómo afecta esta situación ao consello?

Pois afectou bastante, eu o ano pasado fun bastante optimista xa que claro tiñamos un contesto de restricións totais e nós como seguimos mantendo as reunións a nivel telemático e conseguimos facer moitas cousas, adaptándonos a esa nova realidade, era bastante optimista. O que pasa é que este ano si que percibo como un “acomodamento” ás sesións virtuais, non sei se porque xa dende principio de curso as familias pensaron que ía ser así. Non creo que sexa tanto o acomodamento dos NNA en si, senón máis ben das familias. É verdade que coas novas tecnoloxías non te tes que desprazar, no gastas tanto tempo nos desprazamentos. Entón creo que hai máis distancia nese senso co programa e incluso coas

propias familias. Aínda que se mellorou moito noutros aspectos, como a comunicación pero tamén o feito de que veñan até aquí as familias a traer e buscar ás NNA sempre se charla con elas, xa isto en si mesmo vincula ao final. Polo tanto, o feito de non existir estes espazos, sobre todo para a xente nova e a súa fidelización. Sempre notamos nese senso que a participación é menor, polo menos a nivel físico ou presencial dos que están máis separados do concello. Isto é unha evidencia, unha realidade tal cal.

Despois, a pesar que se conseguen ter as reunións, hai uns cortes na comunicación que son cortes da distancia tecnolóxica. Agora que estamos xa con reunións presenciais e telemáticas é máis difícil, eu nótoo vamos, a participación. Se tes un grupo presencial, una fala a outra fala, é como máis fluído todo. En cambio, a veces, eu creo que xa hai xente que ao non estar presente xa non fai tanto por expresar a súa opinión. Isto notámolo na última sesión entre as persoas que estaban en presencial e as que estaban no seu fogar.

2. Percepción sobre a participación e experiencias de participación

- 2.1. Para dar comezo a esta entrevista, gustaríame preguntarche que significa para ti a participación infantil e adolescente? Noutras palabras, como defines a participación de Nenos, Nenas e Adolescentes (NNA)?

Eu entendo que a participación de NNA significa, sobre todo, partir dun concepto do neno e nena como suxeito de dereitos, non? E dende este punto de vista, tamén de que teñen un pensamento propio, cada un adaptado a súa evolución e desenvolvemento. Pero en todo caso con capacidade para opinar e interpretar os feitos que ocorren na súa contorna e ter unha visión propia. Entón, na sociedade actual penso que temos unha visión moi adultocéntrica, que a opinión que vale sempre é a do adulto, e iso conforma a relación que as persoas adultas teñen coa infancia e coa adolescencia. E en xeral, penso que sempre se solicita pouco a súa opinión sobre as cousas ou sempre se da por suposto que é de menor categoría. Sen embargo, cando estás en grupos con elas e con eles si que ves que todo o que comentan ou o que din baséase na súa experiencia, na súa realidade e ten sentido, non? Por exemplo, estáseme vindo á cabeza unha película francesa que vin dos suburbios parisiños e se vía moi ben como tanto a rapazada como as persoas adultas ten a súa propia vida, non? E todos comenten erros no desenvolvemento da súa vida cotiá. Entón por que considerar menos a uns que a outros? Simplemente eu creo que é polo feito de ter menor idade que isto tamén ten que ver coa denominación de “menor” que é un concepto que a nivel educativo, ben eu xa o detesto, non só eu se non que hai correntes que estamos en contra de chamarlle á infancia ou adolescencia “menores” por que sempre se fai referencia a como esa minusvaloración social polo simple feito de ser menor de idade. E claro, sobre todo nos asuntos que lles afectan e que teñen que ver coa súa calidade de vida é importante que participen. Pero o que pasa e que temos as cartas de dereitos a nivel europeo e

internacional que son meras declaracións como ben indica a palabra pero non obrigan tampouco aos Estados a implementar estas políticas participativas e, a parte, que para iso tería que haber unha maior sensibilización social para considerar, estimar que todo ese traballo participativo ou esas opinións teñen sentido e están ao mesmo nivel que o das persoas adultas.

2.2. Que outras iniciativas de participación de NNA existen no concello?

Hai outras iniciativas si e eu creo que se están incrementando esas iniciativas. Estaba pensado, a asociación Arcos Tilos, que é unha das que está integradas no CLIA, xa tiña un traxectoria de traballar coa infancia desde un enfoque de dereitos e tamén de traballar a participación. Despois, así que recorde eu, cando foi o tema da mina de Casalonga tamén, non sei se foran as ANPAS, sacaran un cartel en nome da infancia, non recordo como era, pero ben, sei que a infancia tamén opina sobre este proxecto.

E eu agora estou notando, xa ultimamente, que si hai outras iniciativas do concello que se busca máis a participación da infancia. Por exemplo, na última campaña de animación á lectura pois non sei se viches o vídeo, e xa antes deste aparecía a infancia noutro vídeo non recordo, entón eu creo que como cada vez aparece máis involucrada a infancia en máis asuntos sobre todo na área de cultura e educación.

2.2.1. E prácticas participativas lideradas exclusivamente por NNA?

Non, eu aí xa non me dou conta. Aquí en Teo dis? Non, hai anos houbo un intento de creación dun consello, se fixeran como unhas xornadas formativas para intentar que xurdiran liderados para tentar crear un consello local de xuventude ou algo así pero eu penso que finalmente quedou en nada. E agora está o da Escola ecoloxista que podería ser nun futuro como unha forma de autoorganización no ámbito da educación ambiental e do cambio climático. E despois, déixame pensar...ah, si a iniciativa do movemento Fridays For Future (FFF) que a raíz dunha charla sobre cambio climático que fixemos o ano pasado, na que estaba FFF, e coa implicación dun profesor do instituto creo, se comezou a constituír un movemento no instituto no que participaban dúas persoas do CLIA. Pero ben, houbo esa experiencia de autoorganización e eu creo que agora mesmo está un pouco parada.

Pero ben, aquí o tema da pandemia afectou e o propio movemento FFF a nivel galego está un pouco esvaecido tamén.

3. Práctica socioeducativa

3.1. Como dinamizadora do FoPIA -e secretaria do CLIA-, recibiches formación específica en participación de NNA, a través de cursos e outras modalidades de especialización e cualificación profesional impartidas por institucións recoñecidas

(universidades, redes e asociacións municipais, deputacións e outras administracións ou UNICEF)?

A ver, eu antes de comezar con este programa xa tiña formación específica, primeiro pola miña carreira de Pedagogía, pero a parte por xa coincidir, teño participado, pola miña idade “son moi maior, sempre o digo” (risas), en congresos con Francesco Tonucci e coñezoo persoalmente. Ou sexa, Teño estado en moitos seminarios e accións formativas, lido libros e non só de Tonucci senón de toda a corrente italiana de participación infantil que sempre me axudou a ter esta conciencia sobre a participación e a consideración das opinións da infancia e dese rol activo, non? Con capacidade de modificación do seu contorno. E tamén non só a nivel comunitario senón incluso outras experiencias de participación que hai nos centros educativos. Noutras comunidades autónomas onde, por exemplo, os procesos de participación nos centros non teñen nada que ver coa participación formal que hai aquí de representantes nos institutos dos adolescentes nos consellos escolares. Hai proxectos que van moito máis avanzados onde hai unha participación na xestión dos centros opinando e tendo capacidade de modificación e funcionando dunha forma asemblearia en colaboración con outros membros da comunidade educativa. Quero dicir, este tema por outras cuestións sempre o tiven presente. Pero a verdade que antes de comezar este programa tamén coincidira que estiven inscrita nun seminario coa asociación “Los Glayus”, que eu daquela a coñecía de referencia de escritos e textos, pero a verdade non recordo se xa sabía que ía levar isto ou non, pero ben eu estaba inscrita. Ah! Xa sei, nas xornadas de APN realizadas todos os anos eu adoitaba ir e vou se me coincide, daban a escoller entre varios seminarios e eu escollín o de participación infantil. Creo que xa sabía que íamos empezar isto, non o sei seguro, e ben tamén me serviu para coñecer de primeira man as experiencias que se estaban levando a cabo en Asturias e eu daquela xa comeza a preguntarme que diferenzas había entre o proxecto “Cidade Amigas da Infancia” e os laboratorios da “Cidade dos Nenos” de Tonucci e tal. Tampouco souberon moi ben contestarme á pregunta despois daquelo que eu seguín dándolle voltas.

Pero si, unha vez que iniciamos o proxecto con UNICEF tamén temos formación específica. De feito é unha das primeiras preguntas que che fan cando cobres os formularios de CAI. E tamén hai seminarios periódicos de formación e actualización que son moi positivos porque sempre che dan ideas para facer cousas, para cambiar ou se hai algunha debilidade ou algo que ti non sabes como facer. Sempre enriquece si.

3.2. No marco das túas funcións como técnica municipal, cal é a túa dedicación aos asuntos relacionados coa participación de NNA (parcial, total, puntual...)?

Parcial, a ver eu aproximadamente contaba cunha xornada laboral á semana. Si, eu penso que esa é a media. O que pasa, é que despois pode ampliarse a dous ou tres xornadas laborais na mesma semana pero logo hai outras que non lle dedica nada. Entón, seguramente a media será unha xornada laboral, máis ou menos. Tería que cuantificalo porque non está sistematizado pero eu creo que si.

Entrevistador: é dicir, dentro das túas funcións ocupan un espazo relativamente importante nas tarefas dos SSC?

Entrevistada: Bueno, a min me parece pouco. Ou sexa, a min realmente me parece que o proxecto necesitaría máis pero que pasa, que canto máis fas, sobre todo, canto máis lle dedicas a algo vai crescendo, se vai multiplicando e entón claro se queres mellorar este proxecto, xa o digo sempre, necesitaría persoal a tempo completo... e daría si.

3.3. En qué principios e/ou criterios se asenta a acción socioeducativa desenvolvida para impulsar a participación de NNA no marco do consello?

A ver, hai algúns destes criterios que xa veñen impostos desde o propio proxecto e que tamén moitas veces serven para consensuar, tomas de decisións, por exemplo, sen ter que chegar a votar ou outras opcións de toma de decisións. Por que, por exemplo, o xénero xa é un criterio metodolóxico que ven imposto por UNICEF: intentar equilibrar as opinións de nenas coas de nenos ou a representación de nenas e de nenos. Aínda que nós na configuración actual non temos ningunha dificultade digamos co xénero, incluso creo temos a dificultade no sentido contrario: hai menos participación de nenos que de nenas.

Outro dos criterios é o de inclusión, tamén de UNICEF, nós non o incluimos digamos de maneira formal na conformación da representación pero si que despois o temos en conta para intentar propiciar e unir canles desde os Servizos Sociais cara a participación de NNA en dificultade social a este proxecto. A verdade que nestes anos sempre ten participado algún/ha neno/a con algunha dificultade ben sexa escolares migrantes, fixeramos un esforzo específico no primeiro ano por incluír a NNA xitanos pero non dera resultado, outras veces porque teñen unha discapacidade mental, por problemas familiares, etcétera. Se podía facer máis neste aspecto.

Aquí outra das cousas importantes é estar moi atentas ao tema dos liderados porque, iso si é unha experiencia que eu non tiña antes e ao estar neste proxecto si que se ven que hai unha emerxencia de liderados que a veces poden apagar a participación doutras nenas e nenos. Entón neste sentido, cando se dinamizan as reunións hai que estar en atención e aquí hai unha dificultade tamén no feito de que sexan virtuais ao ter que estar atenta a todas estas cuestións. Pero ben, así e todo eu mais ou menos como os vamos coñecendo pois xa

imos intentando que cando hai xente que hai que convidala ou insistir un pouco para que participe é algo que hai que insistir.

E dende logo, respectar as súas opinións sempre e tamén reconducilas, quero dicir, cando saen cuestións ou opinións que non están acordes co enfoque de dereitos normalmente o que fago é solicitar a intervención de outras persoas -son estratexias que se teñen-, para que non pareza igual que unha opinión é maioritaria cando non o é.

Outro é intentar dar visibilidade (transparencia) a todas as actividades que se fan e o traballo coas familias é outro dos criterios que se ten avanzado moito, porque o primeiro ano a verdade se traballou moi pouco coas familias: o tema da comunicación... e agora si que xa existe unha maior comunicación e involucración a través de redes. Como que intentamos que estean máis informadas de todo o que se fai. Tamén é verdade que moitas veces non hai o suficiente “feedback” (esta é unha das debilidades) pero ben, tamén entendemos que están en moitísimas cousas e elas non o ven igual dende o noso punto de vista porque eu creo que para as familias é como unha actividade máis que o fillo ou a filla lle propón –chega cunha carta preguntándolle se pode- e claro, dinlle que si pero non é porque haxa –igual- unha conciencia ou sensibilización máis específica cara a este proxecto. Pero si que creo que o traballo coas familias é fundamental.

3.4. Cales son as funcións (principais) como dinamizadora do consello?

Eu sobre todo fago as convocatorias, as actas, dinamizo as reunións e as veces delego (como che comentei este ano comecei a facelo), intercambio información co grupo (cando me chega información de UNICEF intento trasladarlla). E ben, que máis, son a referencia delas e deles para este proxecto, intento a proximidade, a afectividade... intento crear un vínculo que a pandemia tamén dificulta. Por exemplo, cando fomos ao CEIP de Calo se nota, poderíamos estar reuníndonos con eles e elas nos centros pero claro...cando fomos despois preguntáronme “e cando volves?”, están como esperando. O outro día fun por outro tema e xa pensaban que ía falar con elas e eles. Entón se lles ve como que lles gusta e que se puidera ser doutra maneira, con máis tempo e máis persoal...buah, quero dicir estaría encantada. Eu creo que hai nenas e nenos -non todos evidentemente-, por exemplo, o outro día lles dicían no encontro co Director Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica creo que a de UNICEF “vós ides ser os futuros e futuras políticas”. A ver, eu non estou de acordo con que esa teña que ser a intención tampouco do proxecto, pero si que a política é a vida da “polis”, son as decisións sobre a vida que che afecta a como vivir mellor. Dende este punto de vista, digamos que si teñen máis preparación que outros iguais que non participaron ou non tiveron a oportunidade para facelo. Aquí igual era interesante de cara ao futuro pois crear como unha asociación. Hai algúns sitios que a partir destes

grupos que despois se crean asociacións... pero ben, aínda pode ser. As asociacións as veces tamén teñen que ser como máis adultos pero unha asociación de xente nova pois podería ser.

3.5. Que ferramentas ou estratexias metodolóxicas se empregan en clave socioeducativa para fomentar a participación social de NNA?

A ver, moitas veces xa recorremos a unidades didácticas que xa veñen deseñadas por UNICEF. Pero tamén as adaptamos ás temáticas que temos. Por exemplo, o dereito á saúde que traballamos este ano, escolleron centrarse no da obesidade infantil, para o blogue que están creando tamén propuxeron saúde mental. Pero moitas veces xa traen actividades perfectamente e traballamos moito en base a eses materiais. Despois tamén se poden recorrer a outros materiais de diferentes temas, por exemplo o ano pasado co do cambio climático collemos a de paisaxe de familias. Sempre intentamos que haxa algo como máis atractivo e que o fagan elas e eles. Algo que sexa activo (o de gravar vídeos), o de principio de actividade... que non sexa só exclusivamente de dar a súa opinión, quero dicir, senón tamén lle buscamos o efecto de que repercuta na comunidade por iso tentamos sempre gravar as cousas, as actividades que facemos... tamén para que chegue a máis nenas e nenos e a todo o mundo.

Despois recorremos a dinámicas grupais. Intentamos sempre tamén que salga a parte emocional: como están, como se senten coas actividades... aínda que aquí falta algo de avaliación, eu creo, pola súa parte do proxecto (autoavaliación). Tiñamos que ir agora anotando todas as debilidades que fun dicindo para facer un resumo (vounas ir anotando que logo igual non me recordan).

Algunha máis... a veces tamén forzamos un pouco a participación (risas). Moitas veces e, sobre todo, iso se nota ao ser virtual cando solicitas persoas voluntarias e lles costa dicir "eu", ao levantar a man ou tal. Entón, as veces, despois facemos un reforzo por detrás "entón non te animarás a facer tal...". Eu creo que tamén pode ser porque non están acostumados e acostumadas a participar nas aulas porque é un modelo tan tradicional de ensino que non se lles pide a súa opinión sobre as cousas, e ao final, aínda que teñan un currículo tradicional poderían facelo... pero non, non teñen eses hábitos.

3.6. Dende unha mirada socioeducativa, qué repercusións ten a participación infantil e adolescente nos diferentes ámbitos municipais (nas propias NNA, na institución, no municipio...)?

Ben, eu creo que a nivel de NNA só o feito de que sexa permanente no tempo (o proxecto), non coma outras cousas que aparecen un ano ou así e desaparecen, é como que xa vai dando unha perspectiva de que hai un movemento de participación, digo de cara ás NNA

porque hai moitas nenas e nenos que non están participando na actualidade pero saben que o hai, poden estar atentos ao instagram e doutras canles de comunicación. Ou a propia asociación ARC OS Tilos que sempre está atenta e difunde as nosas accións. E eu creo que se sabe e iso xa é positivo, que teñan esa conciencia porque ao final no que lles vas é creando conciencia tamén e valorización das súas opinións. Isto con respecto á infancia pero ben, creo que é no sector onde se necesaria facer máis fincapé.

En relación ao concello, tamén ao final a propia dinámica e funcionamento de realización de diferentes actividades e accións xa, aínda que non o planificas ou non teñas a intención, fai que se vexan implicados outros sectores. Pois se tes que pedir un espazo ou seguimos facendo cousas con secretaría, por exemplo, este ano aumentamos a participación ao profesorado no CLIA. Entón, esta comunicación cos diferentes departamentos do concello xa che vai dando a coñecer. O feito de que nos reunamos no concello polas tardes ao final sempre hai alguén que está traballando que te ve, pregunta... e polo efecto do tempo se ve!

Despois tamén hai accións que veñen propostas de UNICEF que ao final (se debería facer máis que non o fago) as redirecciono aos diferentes departamentos por se queren participar. Pero hai moito que mellorar e que se podería facer. Por iso digo que daría para unha persoa a tempo completo o que pasa que...

A nivel de municipio, creo que pouco a pouco se vai estendendo. Ás veces tentamos facer colaboración con outros programas comunitarios. Recordo hai dous anos que fixeramos un intercambio comunicativo cun programa de emprego, xuntáramos a un grupo de persoas desempregadas e do FoPIA e contaban que facían mutuamente. E ben, é unha maneira. Co voluntariado social, hai xente que sabe que existe aínda que os seus fillos e fillas non participen, pero si que saben que existe, que estás aí e que hai esa posibilidade de participación. Eu creo que tamén a comunicación a nivel de páxina web e redes tería moito por mellorar porque creo que a estas alturas aínda o formulario non se chegou a por. A veces non depende de un mesmo senón que depende doutros departamentos é máis complexo.

4. Traballo en rede para o impulso da participación

- 4.1. Cales son as áreas e/ou departamentos da administración local que impulsan prioritariamente a participación de NNA?

Pois a área de Benestar, a de Sostibilidade (hai que mirar xustamente cales son os nomes na páxina do concello), a de Obras e a de Educación e Cultura e Mocidade.

- 4.2. Abordan a participación de NNA desde una perspectiva interdepartamental? É dicir, desde unha perspectiva de traballo transversal?

Xa comentamos algo sobre isto antes, pero si, está desatendido esta coordinación e perspectiva. Isto é ademais un mandato de UNICEF. Claro iso nun concello pequeno non se nota tanto porque é todo como máis caseiro, está todo como máis relacionado, imbricado, non? Pero nos concellos máis grandes aínda tes que facer moito máis traballo para poder relacionar e interconectar aos departamentos. O Plan de Infancia sería o documento que involucra a todos os departamentos desde unha mesma mirada, pero ben, ao final. De feito este Plan está sen actualizar pero si que imos facer unha avaliación do que levamos feito nestes dous-tres anos agora para o Informe Intermedio de UNICEF. Pero, non damos feito outras cousas imaxínate...é moitísimo traballo.

Tamén o Plan a nivel metodolóxico pode ser unha guía do traballo para as asembleas do FoPIA para recorrer a el. Agora que o penso, tamén se nota moito coas persoas que comezan de novo, nótase unha falta de perspectiva. Aínda que teñan unha formación inicial de dereitos de infancia isto é unha hora ou dúas pero isto non da para traballar, como che diría eu, para traballar dende unha perspectiva como con conciencia. Esta conciencia vaixe traballando ao longo do ano, e entón cando chega ao final do ano e repites aí si xa che cambia. Pero durante o primeiro é moi difícil. Igual se apuntaron porque lle pareceu interesante algunha cuestión ou dinámica que se fixo na aula nesa formación pero non é a mesma dimensión.

- 4.3. De existir estes espazos e encontros de coordinación, participan outros axentes sociais municipais (ANPAS, centros educativos, corpos de seguridade, entidades sociais, asociacións...)?

Este ano incorporamos ao profesorado dos centros, están tamén as familias representadas polas ANPAS, a asociación ARC Os Tilos, os grupos políticos da oposición e de diferentes áreas, e doutras concellerías. Por que agora a que está pendente é a incorporación dunha persoa representante por cada centro escolar. Non se considerou nun principio, barallouse, pero pensabamos que non se ía obter esa resposta positiva por parte da comunidade educativa. Pero eu propuxen contar con eles porque me parece unha ferramenta para multiplicar, é dicir, se hai xente que está sensibilizada pois é como crear un equipo de traballo máis amplo e o poder de incidencia penso que pode ser moito maior. (fala da comisión de coordinación interna).

- 4.3.1. E os e as propias NNA?

Non están pero si que a veces participan nestas comisións, non na externa porque non está funcionando, pero na comisión de comunicación interna si se lles ten convidado para saber que están facendo e tamén a que o persoal técnico e político tamén lles contan a eles que están facendo a nivel de políticas de infancia nos diversos ámbitos.

- 4.4. Dende o concello apoiase e anímase a outras institucións e organizacións socioeducativas e civís a promover a participación de NNA (centros educativos, entidades de ocio e tempo libre, asociacións, entidades deportivas, etcétera?

Si que hai, seino a través redes, que as veces hai unha ligazón entre as áreas. Por exemplo, entre Igualdade e Deportes “hai un equipo feminino que se está apoiando e promovendo” e tal. No ámbito de participación de preguntarlles a eles e elas como se fan determinadas cousas ou para decisións, por exemplo, ímonos a reunir para ver as actividades deste ano de cultura. Non o vexo. É verdade que igual poderíamos nós facer algo pero en xeral non. Si que hai un ano ou dous nos teñen pedido para participar non 8M ou tamén nun documental da Deputación. A ver si que hai algunha cousiña que se vai facendo e que da conta de que é un órgano que está presente.

5. Valoracións e propostas de mellora

- 5.1. Como consideras a evolución da participación infanto-xuvenil en Teo dende a creación do consello?

Vexo que hai iso, como cada ano máis unha extensión da visibilización da participación infantil. Un maior coñecemento por parte da poboación destas canles de participación e de que Teo é unha CAI, ou que é máis sensible a promover unha mellor calidade de vida das NNA e a que se cumpran os dereitos da infancia.

Despois, en relación á dinámica interna vou vendo máis ou menos todos os anos a mesma dinámica, pero isto xa é a nivel de funcionamento interno do propio órgano, vexo que hai un boom inicial de exploración e ver que é isto no que me metín pero sen saber moito o compromiso que require isto, e as familias tampouco. E neste ten influído máis o tema da pandemia, co de pensar que era só virtual entón agora costa que veñan presencial. Aínda así noto unha evolución dun boom aí arredor de novembro, co gallo do Día dos Dereitos da Infancia, e despois xa un baixón de todos os que non poden participar porque lles coinciden con outras actividades (que isto pasa moito). Logo mantense estable e ao chegar maio volve haber outro pequeno baixón que é moi contraproducente porque xusto é para preparar a sesión do CLIA de xuño, e hai como un retroceso.

Aínda así, este ano si que notei que hai máis nivel de conciencia nas nenas e nos nenos. A algúns a outros non. Vexo a outros moi cansos que veñen doutros anos, como que non lle vexo perspectiva de continuidade. De feito xa tivemos dúas baixas doutros anos e creo que para o ano algún máis o van deixar. En cambio, teño a perspectiva de que hai máis que outros anos que van a continuar para ano, pero ben non o sei seguro vamos.

5.2. Despois de catro anos de vida do FoPIA, cal é a valoración desta experiencia en clave educativa?

En clave educativa creo que é positiva porque non se parece en nada a outras actividades, claro eles e elas considéranos como unha actividade extraescolar. Creo que é totalmente singular para eles nese sentido. En clave educativa, considero que é moi importante que teñan espazos para poder ter as súas opinións de forma libre, ou sexa, que saben que non van ser xulgados en negativo como lles soe pasar na familia, no instituto, noutras actividades... senón que aí si que lle ves que teñen ganas de ter eses espazos e non che digo nada se foxe presencial todo, non? Por que lles gusta, e cando fas actividades pois para preguntarlles a súa opinión e tal si que lles ves que necesitan falar e que lles gusta falar, ademais que teñen o seu criterio con respecto ás cousas, influenciado pola sociedade, pola familiar, por todo pero é o seu, o que van conformando eles. E aí si que vexo que é moi positivo que teñan ese espazos de escoita e que se lles ten en conta, é fundamental e que hai que ir camiñando nese sentido pero igual sensibilizando máis ás persoas adultas tamén, traballando noutro nivel.

5.3. Qué puntos fortes e febles atopas en relación á participación social da infancia e adolescencia en Teo?

Os fortes é cando elas e eles están empoderados/as e ven que hai unha repercusión das súas iniciativas, ou sexa, que hai como un resultado digamos. Por exemplo, coa campaña de recadación de fondos que estamos a facer agora e se quitamos unha nova “conseguimos 2.000 euros para tal”, pois aí ven que o concello lles apoia e que foi unha iniciativa que eles fixeron que se presentou ao CLIA e que se levou a cabo. Entón eu creo que isto é moi positivo, que non pase que as súas iniciativas se queden en nada, en papel mollado. Que pode pasar, porque hai outras recordo hai dous anos de espazo xuvenil que esa polas razóns que sexan non chegou a materializarse polo que fose (porque era moi difícil o que sexa).

Tamén é positivo ter a veces, por exemplo, o ano pasado que fora a videoconferencia co alcalde e a verdade aí fora moi positiva para eles establecer esa canle. Non lembro moi ben como fixeramos pero creo que entre todos ou cada un deseñara preguntas e despois a repartiamos ou algo así. E foron facendo as súas preguntas que o alcalde foi respondendo. Entón esta interlocución cos seus gobernantes creo que ten efectos moi positivos.

Outro punto forte é cando hai eventos que aglutinan a moita xente tamén é moito mellor. Por exemplo, se no CLIA se fai algo, sae unha nova ou cando dan conta das súas actividades a un público maior pois iso sempre é como que lles reconforta e que ten unha repercusión positiva.

E despois os febles, te vou a dicir: a involucración das familias. Igual iso con reunións físicas con elas, a ver, a participación en xeral tampouco e que sexa un ámbito no mundo adulto estea “voyante”. En realidade hai un déficit de participación social en todos os ámbitos. De feito, o outro día falando cando saímos do teatro -do FoPIA- con alguén comentei esta falta de feedback e díxome: “jo, pois aínda tes sorte. Se che contestan, se logras que vaian 12 ou 14 aínda me parece bastante”. E buf, claro, eu os que veñen moi ben pero se todos os que non veñen, até 18 ou así. Entón son moitos e moitas familias, e por exemplo, á obra do outro día veu un ou dous, e iso que o recordamos e insistimos no FoPIA. E claro, non lle imos dicir nada aos NNA, xa que non son eles e elas senón que están as familias detrás que son as que realmente teñen a decisión. Por iso digo que o traballo coas familias a este nivel é fundamental e ao mellor neste caso, igual é que temos que facelo doutro xeito e iso que avisamos polo whatsapp.

Despois, o que anotei, unha avaliación do propio proxecto tanto por parte das propias familias coma dos NNA. Tamén o que comentei do impulso da mesa de coordinación externa que isto é algo que temos que facer. E ben, que está aí que vai quedando que está na cabeza pero que ao final imos priorizando outras cousas e vai quedando. Ben, é falta de priorización basicamente.

E o principal, é a falta de persoal e tempo. En definitiva, a falta de recursos humanos para darlle ao proxecto a calidade que merece. Ademais, isto repercute negativamente noutros programas. Por exemplo, a min se fago unha avaliación a min isto “me quita tempo” tamén para outras cousas. E como vas facendo de todo, ao final non fas nada de calidade: nin unha nin outra. Entón, eu creo que é mellor facer as cousas ben pero é así o traballo en servizos sociais.

Anexo 2. Protocolo e transcripción do grupo de discusión

O presente protocolo foi deseñado para a elaboración do Traballo de Fin de Grao (TFG) “O dereito da infancia á participación social: o caso do Consello Infantil e Adolescente de Teo”. O obxectivo do grupo de discusión é recompilar información relevante sobre a participación social da infancia e adolescencia de Teo dende a perspectiva das e dos NNA que conforman o Foro de Participación Infantil e Adolescente (FoPIA) na actualidade.

Para tal fin, como informantes de referencia solicítase a vosa colaboración e permiso para gravar a reunión como medida de apoio. Todas as respostas van ser anónimas e a información recadada será única e exclusivamente empregada para o propósito do TFG, cumprindo coa Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais. Moitas grazas pola vosa colaboración.

1. Datos previos

N1: nena, vive en Teo, cuarto ano no FoPIA e cursa 3º da ESO no IES de Cacheiras.

N2: nena, vive en Teo, segundo ano no FoPIA e cursa 2º da ESO no IES de Cacheiras.

N3: nena, vive en Teo, segundo ano no FoPIA e cursa 1º da ESO no IES de Cacheiras.

N4: neno, vive en Teo, primeiro ano no FoPIA (dende xaneiro de 2021) e cursa 6º de Primaria no CEIP A Ramallosa.

1. Funcionamento do Consello infantil e adolescente

1.1. En xeral, como é o funcionamento do consello (sesións, actividades, xestión interna, participantes, etcétera)?

N1: Normalmente somos arredor de 20 NNA, aínda que non sempre veñen todos ás reunións. Temos unha reunión a principio de curso antes do que sería o CLIA que é cos adultos e tal. E desta reunión (inicial) decidimos que imos a pedir no CLIA: as propostas vamos. Unha vez decidimos as propostas levámolas ao CLIA e alí escollémolas e decidimos, ben eles -as concelleiras e concelleiros- deciden cales se van a levar a cabo e outras nas que podemos profundar máis ou así. E máis ou menos de aí é onde sacamos o que imos traballar ao longo do curso e moitas veces nos xorden propostas de UNICEF ou outros grupos como o voso (Proxecto CON_LecerTeo) para traballar con eles. Polo tanto, dedicámonos a iso. Temos unha reunión ao mes e facemos un pouco esas cousas: preparamos propostas que temos durante todo o curso, preparamos cousas para UNICEF e logo, ao final de curso en xuño, temos outra reunión co CLIA para repasar todo o que se fixo ao longo do curso e tamén para novas propostas que fixeron eles tamén.

1.2. De qué forma elaborades as propostas para o CLIA?

1.2.1. Como é a dinámica?

N2: Eu non participei e ningún CLIA, ben, estiven nun pero non participei só escoitando. Creo recordar, que en moitas clase dos nenos de 6º estiveron dando propostas de cómo mellorar o noso espazo (Teo). Entón íanse escollendo creo 5 ou algunha máis en cada curso, e despois expoñámolas no FoPIA e escollíamos unhas cantas. Cada persoa explicaba a súa.

1.2.2. Quen realiza esas propostas (nas aulas, doutras NNA...? É dicir, de onde veñen?

N1: Sobre todo do colexio e do instituto, aínda que a veces, a ver, ti podes traer as propostas que queiras como membro do FoPIA que poden ser túas ou non. Trátase tamén de que non só propoñamos nós, senón todo o mundo aínda que non estean aquí no FoPIA.

1.2.3. Que medios empregades para recollelas?

N2: eu lémbrome de que nunha reunión nas que as escribimos no encerado, escollemos e votamos as cinco ou algunha máis que máis nos gustaba e esas foi as que escollemos.

N1: Si, ou sexa, pero primeiro debatémolas un pouco e despois xa.

N2: claro si.

1.3. En relación aos temas, qué temáticas traballades dentro do FoPIA?

N2: Pois este ano foi un pouco ben o que escollésemos o de a saúde por todo o tema da pandemia. E o ano pasado centrámonos moito no medio ambiente.

N1: cando vamos como facendo como dunha cousa. Por exemplo, o primeiro ano no que estiven eu foi seguridade viaria e despois creo que foi acoso escolar, medio ambiente si. Ben, tamén sobre todo porque cada ano se escolle como un dereito infantil que imos tratar en profundidade. Facemos propostas en función disto pero non todas son diso, é como o que cada un trae e logo as que vexamos que mellor se adapten.

1.3.1. Cal é o criterio para decidir de qué falar/traballar?

1.3.2. Hai algunha persoa que tome a iniciativa ou a decisión é consensuada polo grupo?

N2: pois este ano foi E1 a que nos dixo que iamos a tratar o tema da saúde. O ano pasado é que eu falei á primeira reunión e claro.

N1: mais ben foi que no lo propuxo. O ano pasado recordo que nos ofreceu varios e dixo que se alguén tiña outro dereito da infancia que quixésemos engadir que sen problema. Entón, nos deses que nos trouxo votamos un en concreto.

1.4. De todas as accións, actividades e/ou proxectos que realizades cales destacades como máis relevantes ou importantes para vós dende que formades parte do consello? Por que?

N2: a min o que fixemos con UNICEF, que eramos 150 persoas que se fai cada dous anos. Non lembro agora o nome.

N1: ah si, o encontro da infancia.

N2: iso, os encontros de UNICEF. Eses son presenciais.

N1: eses son xeniais

1.5. Por que vos gusta tanto?

N1: porque está todo o mundo, ben de todos os consellos de España ou de Galiza (depende do ano porque se fan cada dous anos, e un ano se fai estatal e o outro galego). E pois, reunímonos todos e estamos alí un fin de semana e entón, ben, ten experiencias, estar alí con outra xente, compartir ideas... pero tamén reunímonos e despois temos unhas horas de xogos e outras como máis de falar e tal. Facemos un manifesto sobre o tema que nos tocou.

N2: si, supoño que presencial será mellor porque eu o fixen telemático (creo que ti tamén estabas N1) pero... tamén estivo guai porque eramos 150 persoas nunha chamada e despois reuníronos por grupos para traballar os ODS e estivo "guai". E despois presentámolo e os grupos fixeron cousas moi "guais". Fixemos xogos tamén, foron dous días.

N3: cando fomos ao Parlamento, porque fomos ao Parlamento e vimos como era e estivemos alí.

N4: Pois cando fixemos o de recadar fondos para Mozambique que fixemos o do teatro. Era unha experiencia nova que non me atrevía a facela porque me daba vergoña presentar unha obra diante de todos. Foi distinto, e gustoume porque estamos recadando fondos para un lugar en concreto que nós ignoramos...entón é como axudarlles. E parecíame moi interesante.

(preguntan canto diñeiro se recadou falando entre o grupo)

1.6. A nivel municipal, recoñécesevos todo o traballo e implicación? Cómo?

N1: ben, a ver...eu vexo que por exemplo facemos a obra en ven moita xente, recadamos un montón de fondos, facemos os encontros de UNICEF... pero todo iso non é para o propio Concello. Como non traballos nós niso, quero dicir, as propostas que máis afectan directamente ao Concello non traballamos nós nelas directamente (a marxe da campaña de

seguridade viaria). Mais ben dicímoslle aos concelleiros e logo eles fan un pouco o que se lles pide. E nunhas propostas fannos máis caso e noutras menos.

N2: si, agora temos como máis reunións e iso con xente de fóra de Teo (as de UNICEF e todo isto) e tivemos charlas co de maltrato animal do refuxio de animais, non era de Teo. Pero despois eu creo que algo se nos recoñece porque tamén fixemos reunións coa alcalde e falou con nós e o CLIA tamén... todo isto! Eu penso que algo si.

N1: por exemplo, o ano pasado cando pedimos que nos preocupaba o tema do ecoloxismo pois fixéronse varias charlas, puxéronse bandas en todo o concello o primeiro ano, foi unha cousa alucinante. Non sei se foi por iso xa houbera, xa se pedira de outros ámbitos pero ben, está claro que algo debeu de axudar, non? (risas)

N2: e cando fixemos o documental das mulleres pois escolleron o Concello de Teo e non eran tantos os que escolleron.

N1: eu creo que o feito de ter o CLIA ademais de axudar de como facer cousas en Teo, axuda a que nos chamen para outras cousas que si non tiveramos, por exemplo o documental, os encontros de UNICEF ou o voso proxecto (CON_LecerTeo), que se non tivésemos o CLIA feito pois ao mellor non viña ao noso Concello e elixen outro, é dicir, é unha maneira de visibilizalo tamén.

1.7. Como afectou a pandemia ao funcionamento do FoPIA?

N2: o ano pasado eramos bastantes máis, enchiamos esta sala.

N1: a principio de curso sempre adoita a ver máis xente que ao final.

N2: si, despois si que empezaba a faltar xente. Foise moitísima xente.

1.7.1. Por que credes que se foi?

N1: eu creo que se a xente non sei foi por iso, que tamén, pero creo que hai máis xente ao principio que ao final. Hai xente que ven probar e logo se lle gusta queda e senón non. Tamén está ben porque ao final hai xente que está aquí e está moi comprometida e logo hai outra que non está tanto, pero os que quedan son os que realmente lles interesa. E tampouco imos obrigar a ninguén. O que si que fixo a pandemia foi, eu creo que a xente, ou eu polo menos, síntome como menos animada a falar e a opinar cando estou detrás da pantalla que cando non.

N2: claro

N1: é como que estás interrompendo. E da outra maneira pois é distinto. Non é tan fácil isto!

N2: si, por iso a miña amiga foise porque non lle gustaba nada que sexa telemática. Supoño que tamén será razón de moitos porque é verdade que non é o mesmo. Non sentes que estás aportando tanto como se estás en persoa.

1.7.2. Se tiverades escoller entre presencial ou a distancia?

N1, N2, N3 e N4: presencial!

N2: en todo

N1: o bo que ten a distancia que non dependes de que te traian ou te leven. O Concello de Teo non é algo que ti podes ir andado dun lado para outro.

N2: pero tamén había fallos

N4: o do virus afectou moito. Fixo que a xente tivera medo e que tiveran que facer as cousas a distancia. Na actividade de patinaxe que vou eu acabaron facéndoa dixitalmente pero é moi difícil, entre que uns falan ou os outros queren falar...non, é moi incómodo.

N2: si, eu tamén adestrei virtualmente e foi como que as peores experiencias da miña vida porque sentías como que che estaban observando. E non é o mesmo estar 30 persoas que están adestrando que non se fixan en ti, que ver verte nunha cámara e estar facendo as cousas. Ademais que o espazo non da para tanto, así que non me imaxino como facer patinaxe na casa.

N1: eu se a unha persoa lle interesa...Eu por exemplo estou indo a clase de música, toco o piano e ademais vou a linguaxe musical, e entón este ano había a opción de ir presencial ou non. E os meus pais dixeron que dixo nada, pero agora xa estou indo presencial. E era a única que ía on-line o resto presencial, e era unha cousa que eu non me enteraba de nada. Porque claro, non era que dende alí non intentase que eu entedera ou pasasen de min, pero o estar todos falando á vez ou así non se entendía nada. Era un desastre!

N2: iso é como miña nai que é profesora en primaria, e o estar en grupos burbulla e todo isto, tivo a nenos confinados na casa e nenos en presencial e que era un "roio". Estaban os nenos presenciais falando, que non lle ía a cámara, tiña que ir buscar tal cousa... e despois na clase facendo ruído e todo, complicábase!

2. Percepción sobre a participación e experiencias de participación

2.1. Que significa para vós participar?

N1: pois non esencial creo que é dar a opinión. Logo xa o que fagan con ela pois ben, xa non está na miña man. Pero mentres eu poda dicir o que penso e intentar que se faga algo ao respecto. Eu creo que iso é participar: que queres, que necesitas e logo xa se verá que

se pode facer e que non se pode facer. Pero ti tes que ter polo menos dicir un pouco o que queres, non?

N2: si, a min encántame a parte de todas as reunións que facemos e as actividades como que nos tomen en serio, que sexamos un máis, que nos escoiten e que podamos falar. E non sei, faiche sentir importante.

N3: eu opino o mesmo que N2, o de que nos fan sentir importante porque nos toman en serio.

N4: ben, podemos dar as nosas opinións e tamén respectando a dos demais. Pero si, parece que con isto nos fan un pouco máis caso do normal. Entón, si o mesmo.

2.2. Que vos aporta a nivel persoal?

N2: crecemento persoal supoño porque estamos aprendendo un montón de cousas que eu persoalmente non tiña nin idea, sobre países este ano como Mozambique, como viven ou países do terceiro mundo. Ou sobre o medio ambiente. Tamén o de coñecer xente que é moi importante.

N1: eu como dicía N4, e como xa dixen moitas veces, creo que o importante é pois participar ti sen deixar de escoitar o que din os demais. Creo que é o mellor de todo persoalmente, non despois xa a nivel do que se faga ou se deixe de facer, é coñecer a opinión doutra xente sobre os mesmos temas ca ti e saber escoitala e saber adaptala a túa para facer algo en común, aínda que ao final non sempre penses o mesmo.

N3: pois a min gústame escoitar as opinións dos demais e aprender novas cousas.

N4: pois estou aprendendo moito máis do que sabía, que non sabía case nada disto. É unha experiencia nova que de momento está indo moi ben, que me está gustando e esperemos que non vai a peor (risas). Pois si, gústame isto de estar aquí e falando das cousas que pasan no mundo que non sabíamos, que non tiñamos idea disto. E recoñecer os erros que temos nós, os humanos, de mal gastar a auga o outras cousas que outros nenos non poden ter.

2.3. Credes que é importante participar nos asuntos que vos afectan? Por que?

N2: eu coido que si, porque se nós non aportamos nada os adultos están tomando decisións por nós e moitas veces sen preguntarnos pola nosa opinión. Entón, temos que esperar a que sexamos adultos para poder explicar como nos sentimos en todo, é como si nos estivesen invisibilizando ou non deixándonos facer cousas.

N1: eu creo que o tipo de decisións que se toman no Concello e nas que nós podemos influír lle importan a todo o mundo, ou sexa, a todo o mundo que vive no Concello lle

importa. O que pasa é que non sabes moi ben como facer para influír nelas. E creo que si é algo que me importa, que si, vou a facer todo o que está na miña man para poder influír nel na maneira que me gustaría, e logo cada un que o faga a súa maneira e que dea a súa opinión, eu vou dar a miña. Ben, creo que é importante que cada un nas cousas que realmente lle importan intente por o seu gran de area.

2.4. Considerades que tedes a oportunidade de participar noutros ámbitos distintos ao FoPIA (familiar, escola, centros socioeducativos e de ocio, etcétera)?

N4: si, é que nos fan un pouco máis caso. A ver, non podemos facer que nos presten só a nós atención pero nos fan un pouco máis de caso do normal.

N1: en xeral si.

N2: e levas máis experiencia de como falar e todo isto.

N1: sempre che deixan opinar o que pasa que logo hai xente que non opina. Tamén é complicado.

N2: é que eu en clase son a delegada entón déixanme falar sempre.

2.5. Cal é a vosa opinión respecto á participación infanto-xuvenil do consello?

N1: eu creo que hai xente, que estamos os mesmos sempre e o mesmo perfil de xente. E hai espazo para máis xente que seguramente lle entesaría estar aquí e non está, e non sabe o que se está facendo e pensa que non lle interesa e eu creo que ao mellor lle interesaría. E é xente que ao mellor non é coma nós, a ver non digo que sexamos todas iguais, pero si que é certo que somos sempre xente co mesmo perfil de persoa e que ás veces eu creo que...ao final esa xente protesta e gustaríalle poder decidir entón ás veces non son moi conscientes do que se pode facer aquí que non están facendo.

N2: si, é o que dicía N1 antes, que ao final sempre estamos os que máis se comprometen porque ao principio de curso está moita máis xente e despois acábanse indo e a min dáme moito rabia. No instituto ninguén quixo probar do meu curso, nin a intentalo. E é certo que se están perdendo un montón de cousas e despois quéixanse e non lles gustan cousas pero non fan nada por cambialo.

2.6. Por que credes que non participan?

N2: na miña clase din que é moito traballo, que non teñen tempo e que é aburrido.

N1: eu creo que si, que o ven como algo aburrido principalmente. Algo que non lles interesa cando realmente lles interesa máis do que cren, na miña opinión. Pero ben, eu creo que

está mal enfocado, a maneira de presentalo. Creo que non é exactamente como se debería enfocar.

N2: si, creo que tampouco. E que cando viron que o vídeo de presentación duraba media hora xa... si, eu penso totalmente que está mal enfocado e que a xente o ve como máis clase, máis deberes ou máis cousas que facer e pasan totalmente.

2.7. Coñeces ou formades parte doutras iniciativas/experiencias de participación dentro de Teo?

2.7.1. Cales son estas experiencias?

N2: N1 e máis eu participamos no de FFF de Teo

N1: aínda que non está moi activo agora mesmo.

N2: non. É un grupo ecoloxista, orixinal é FFF Santiago, e despois creouse FFF Teo e xuntámonos unha vez. Estabamos mirando de facer un mural para o instituto, mirando todo o da pintura, que iamos debuxar e todo isto. Pero chegou o coronavirus e o grupo quedou totalmente deserto.

N1: hai que reactivalo, temos que pensar en algo.

N2: facer algunha cousa, podedes unirvos se queredes?

N4: eu agora, xunto a miña irmá e N1 e as súas irmás, imos a unha andaina dun grupo ecoloxista aquí de Teo.

N1: si, deberíades ir que está moi ben e hai pouca xente.

N4: si, xa fomos a ver os petrogrifos e despois fomos a tamén até Pontevea ao Sirimbao.

N1: había un obradoiro de facer xoguetes a man, tradicionais pero non sei fixo porque non se anotou xente suficiente. E é unha pena porque.

2.7.2. E isto quen o fai?

N1: o concello

N2: si, o concello. e que a ultima vez que fomos quedáramos en facer outra ruta parándonos máis e tentar facer xoguetes pero ao final deu choiva ese día e non a fixemos.

2.7.3. Cómo vos informades destas iniciativas?

N2: eu a de FFF Teo dende o FoPIA. Eu é que a maioría das actividades que facemos é dende o FoPIA.

N1: esta é independente do FoPIA pero si que é verdade que nolo dixeron aquí: hei se vos apetece?

N2: iso, que se vos queredes apuntar é para todas as idades porque o meu pai está dentro e todo.

N1 e N2: temos que facer algo, pensar algo.

N4: pero que facedes?

N2: pois na primeira vez quedáramos para comer pero púxese a chover e cambiamos de situación, un lío. Falamos, ah a primeira vez foi sobre un manifesto sobre a plantación de eucaliptos.

N1: E tamén unha rapaza que quería facer un traballo para xornalismo sobre ecoloxismo se a queríamos axudar. Dixémoslle que si e ao final quedou en nada.

N2: si, e a maioría está no instituto, os maiores. Si, estábamos co mural claro.

Investigador: pois a ver se este grupo serve para reactivar ese grupo e N3 e N4 se animan a participar.

3. Valoracións e propostas de mellora

3.1. Considerades que se están tendo en conta as vosas solicitudes, propostas ou demandas no concello?

3.1.1. En qué o notades? (Por que?)

N1: ben, máis ou menos. Hai algunhas que si e outros que non. Porque hai algunhas que non se poden polo que sexan (son propostas moi ambiciosas quizais), hai outras que son a longo prazo e entón estase niso, e outras que si se están facendo.

N2: houbera unha proposta de plantar máis árbores no parque dos Tilos e ao final tallaron árbores. Así que houbo aí unha cousa estraña.

N1: pero ese fixeron ben en tallalos porque tiñan un montón de lixo debaixo. Era algo moi desagradable e agora xa non se ve.

N2: claro, porque non hai árbores. Pero eu creo que si nos fan algo de caso porque eu na miña escola en 6º fixemos un traballo de seguridade viaria e ningunha das propostas se fixeron. En cambio, no FoPIA fixemos unha e si que se fixeron.

N4: nós, aí atrás nun ano no colexio mandáranos escribir unhas propostas de como mellorar os parques e o medio ambiente en Teo. Tiñamos que escribir nun papel unhas propostas que nos quixeramos (eran dúas ou tres creo), íanas recollendo por clase e creo que moi poucas se cumpriron.

N1: iso é tamén N4 porque nós facemos unha selección diso. É que ao mellor nos chegan 100 propostas e nós desas 100 collemos cinco. E que había algunha que era un pouquiño... Pero ben, eu creo que si. Na medida do que se pode, ou mellor non todo o que me gustaría

teño que ser sincera. Pero eu creo que é mellor que nada, e é mellor estar aquí intentándoo que dicir non funciona e deixalo.

N2: e que tampouco é tan fácil porque hai moitas cousas que se escapan do control do Concello. Por exemplo, no de seguridade vial hai moitas estradas que son da xunta, outras que son da Deputación, outras do Concello... entón depende da rúa por onde cruzas tes que falar con uns ou con outros para por un paso de peóns e claro.

N1: e logo, por exemplo, queremos facer un carril-bici que é unha das cousas que máis se pediron, e claro vimos que cando imos aos Encontros galegos non podemos dicirlle á Xunta porque claro é para Teo, son como cousas máis xenéricas que afectan a todo Galiza e entón claro.

N1: eu cando máis notei que se fixeron máis propostas foi no primeiro ano, que se fixeron un montón: puxeron uns badéns, as luces nos pasos de peóns... e despois, a partir de aí, xa se foron facendo algunhas. Eu creo tamén que as propostas do primeiro eran como máis, que se notan máis porque, por exemplo, unha recadación de fondos ti non o sabes pero se vas por un bandén ou un paso de peóns iso velo.

3.2. Cómo valorades a experiencia de formar parte do consello de infancia e adolescencia?

N1: eu sempre digo o mesmo, xa me fixeron algunha entrevista parecida, levo catro anos se non me gustase non seguiría aquí. Gústame moito a verdade.

N2: a min é que escolleu a miña clase porque eu era a delegada xa o ano pasado e todo o mundo, cando veu E1 a clase, dixo: N2, N2!! E dixeran, ben pois eu. Pero eu non tiña nin idea disto. Só había escoitado que dixeran E1 que tampouco era gran cousa.

N1: xa, é que ese día non foi gran cousa...

N2: xa, puxéronnos fotos e foi isto todo. Pero a verdade que foi increíble. A min encántame todas estas cousas de participar, de reunións, de falar con outra xente, falar cos adultos... simplemente encántame, entón. A min paréceme unha experiencia increíble. E a verdade é que hai que falar co Concello porque no noso foro de participación temos até os 17 anos, e entón tiñamos que conseguir até os 18.

N4: pois eu coñecía isto do FoPIA por miña nai. E para min é unha experiencia nova que non toda a xente pode ter, pero a min gustoume e entón como me gusta estou aquí.

N3: eu apunteime porque elixiame a miña clase e gustoume bastante. E valóroo positivamente.

3.3. Qué aspectos positivos destacariades de participar neste tipo de iniciativas como o FoPIA?

N4: que se estean tendo en conta as nosas propostas, e valorando o que dicimos. Todo non pero moitas cousas para mellorar que nos vemos paréceme ben. Ou axudar a outras persoas doutros países. Mentres as persoas que estamos no FoPIA esteamos contentas co que estamos pois que sigamos así.

N2: eu penso que tamén está ben que os adultos vexan un pouco como pensamos e igual que eles nos ensinan a nós un montón de cousas, que nós tamén lle poidamos ensinar cousas sobre como pensamos e que queremos no noso futuro e nos nosos espazos.

N1: e que os adultos por moito que pensen eles non van saber, por moito que se esforcen, o que queremos nós. É o que dicía antes, ou te conformar, que está ben se está feliz, ou o cambias. Ou sexa, se non che gusta cámbiao porque tes moitísimas oportunidades de cambialo. Eu creo que é iso. Ademais así estás máis no “allo”, así ves que se fai a que se anda aquí no Concello. Está ben.

N4: non só os adultos escoitan o que dicimos, senón os nenos e nenas. Na nosa clase

3.3.1. Qué aspectos credes que deben mellorarse no FoPIA?

N1: a veces é un pouco frustrante ver que queres algo e non se pode, ou non se fai ou non se intenta. Eu, creo que ás veces, por moito que se nos tome en serio co do CLIA, non se nos toma tan en serie como se nos debería tomar. Iso que xa dicía de que a xente pensa cre que é aburrido ou que non está ben. Pero sobre todo, que ás veces se nos tomara un pouquiño máis en serio.

N2: si, creo que temos que ter demasiado en conta aos adultos para as cousas que temos que facer. En plan, que nós e E1 non vale para que facer algo, que necesitamos á xente do concello. Por iso, algo que non me gusta é o de que agora imos a meter profesorado no CLIA.

N4: a min o que me gustaría cambiar no FoPIA é isto de agora coa pandemia. Quero que cambien isto do protocolo para que nos poidamos reunir, non en telemática se non en presencial porque telemática é moi abafante: entre que fala un, fala o outro, non sabes o que di, a conexión...

N2: xa, o que pasa que iso non é algo do FoPIA.

3.3.2. Qué cousas vos gustaría facer dentro do FoPIA que até agora non fixerades?

N2: a min gustaríame poder nós mesmos os nenos dar a coñecer doutra maneira diferente e outros aspectos nas escolas e institutos o que estamos facendo, porque como xa dicíamos antes que todos os nenos teñen unha visión negativa do que estamos facendo realmente no FoPIA: charlas, representacións, etcétera, que sexan así máis divertidas e que as nenas e os nenos podan ver que non é aburrido como pensan.

N4: a min o que me gustaría facer para dar a coñecer a nenas e nenos dos colexios, dos institutos ou do que sexa pois organizar excursións con isto do FoPIA, xogos para aprender máis ou menos como vai isto do FoPIA, para que os nenos e nenas non digan basicamente o que dixo N2 que é aburrido, que é outra tarefa máis. Non, é unha diversión que a nós nos gustaría cambiar con todo o que facemos. Non é aburrido.

N3: a min gustaríame como din os meus compañeiros que se dea a coñecer como unha visión máis positiva do que facemos.

3.4. En liñas xerais, credes que o contar co CLIA e FoPIA favoreceu o voso dereito á participación? É dicir, podeades expresar as vosas opinións e que vos escoiten nas cuestións que vos afectan?

N2: eu creo que o CLIA, definitivamente, si que axuda moito como dicía N1, a visualizar o Concello como a través dos encontros de UNICEF con outros concellos, ou o documental. Pero tamén é como un pouco, dáme pena por así dicilo, porque o CLIA é maioritariamente adultos entón xa non contan tanto con nós senón que precisamos a moitos adultos para que se nos faga máis caso.

3.4.1. Qué pensades respecto á creación de máis espazos ou experiencias de participación en Teo?

N2: sería xenial.

N4: onde poidan participar tanto maiores como nenos para dar a coñecer o que estamos facendo, para mellorar as cousas que nós non damos por mellorar. Pois a min paréceme interesante iso, facer un grupo tanto con maiores como pequenos pero respectando as nosas opinións e as demais para despois iso, o que dixen antes, ir polos colexios en modo traballo ou lendo nós mesmos.

N2: si, ter como o FoPIA ou ao igual que temos o de FFF Teo que é de ecoloxía pois ter outros relacionados coa saúde, ou con actividades para Teo. É como se dividiramos o FoPIA en varias partes para que se puidera unir máis xente.

N4: aquí temos o Diverteo no que se xuntan tanto nenas como nenos.

N2: si, pero é até os 12 anos. Eu teño unha amiga e non lle deixaron por ter 13.

Anexo 3. Táboa resumo das técnicas de recollida de datos e codificación

Táboa 1

Táboa resumo das técnicas de recollida de datos e codificación.


Técnica de recollida de datos	Código informante	Data	Duración
Entrevista	E1	10/05/2021	90 minutos
Grupo de discusión	GDn1	20/05/2021	53 minutos
	GDn2		
	GDn3		
	GDn4		

Nota: Elaboración propia

Anexo 4. Escaleira da participación infantil en proxectos

Figura 3

Escaleira da participación infantil en proxectos




Nota: Adaptado de Hart (1992, p. 10)

Anexo 5. Principais capacidades que se exercen mediante a participación activa en consellos infantís.

Figura 4

Principais capacidades exercidas na participación en consellos infantís



Nota: Adaptado de Trilla e Novella (2011).

Anexo 6. Exemplo de convocatoria de sesión do FoPIA



CONVOCATORIA 8ª SESIÓN

FoPIA CURSO 2020-21

LUGAR: Semipresencial. Presencial no Salón de Plenos da casa do concello. E asistencia telemática a través da plataforma Microsoft Teams.

DATA: 24 de maio de 2021

HORA DE COMEZO: 17,00 h

HORA DE REMATE: 18:30 h

ORDE DO DÍA:

- 1) Aprobación das actas das sesións de 15 de marzo e 26 de abril
- 2) Preparación CLIA 26 de xuño
- 3) Outros

Teo, 18 de maio de 2021

Anexo 7. Propostas do FoPIA ao CLIA dende a súa constitución (2017-18)

Nº Sesión	Data CLIA	Propostas
1ª Sesión	24/02/2018	<ul style="list-style-type: none">- Construción de beirarrúas, en particular nas zonas de acceso ás marquesiñas e paradas do bus- Mellora ou implantación de iluminación en varios puntos do concello- Inclusión na rede de transporte público de máis paradas no concello, en particular, en zonas nas que vive o alumnado e polas que non pasa o Teobus- Implantación do carril-bici nas zonas máis urbanas- Creación de medidas para controlar a velocidade á que circulan os turismos
2ª Sesión	24/11/2018	<ul style="list-style-type: none">- Promover a creación de espazos de convivencia adaptados ás necesidades da infancia e da adolescencia (novos parques, espazos de lecer...)- Manter o labor de comunicación e intermediación con administracións públicas con competencias de interese para o concello de Teo (transporte público, estradas, medio ambiente, carril-bici)- Desenvolver obradoiros, encontros e outros ao redor da educación en igualdade, autoestima, sexualidade, etc..- Promover encontros con outras Cidades Amigas da infancia para a troca de experiencias e coñecementos e promover a asistencia a encontros tanto a nivel galego como estatal con grupos doutros municipios
3ª Sesión	21/09/2019	<ul style="list-style-type: none">- Propostas de UNICEF: necesidade de que o CLIA e FoPIA sigan funcionando; e reapertura da Fábrica de Cepillos como espazo xuvenil para reunións, xogo e diversión para a xente nova.- Ampliación da liña de Teobús ou creación de sendas peonís para facilitar o acceso a dito espazo xuvenil e reducir os tempos de espera.- Converterse nunha comarca respectuosa co medio ambiente: propoñen acudir ás manifestacións en contra do cambio

climático, ir en contra dos gobernos e das grandes empresas contaminantes, realizar obradoiros de sensibilización ambiental e rutas saudables.

- 4ª Sesión 16/11/2020
- Axudas para nenas e nenos con necesidades, coa posibilidade de realizar unha obra de teatro para recadar fondos.
 - Instalar sinais de tráfico para gatos e outros animais.
 - Aproveitamento dos centros educativos para actividades relacionadas coa convivencia e facer aulas de lingua de signos.
 - Coidado do entorno: por máis papeleiras e con bolsas para recoller excrementos de can, facer zona de cans e gatos.
 - Facilitar o acceso a internet no rural.
-

- 5ª Sesión 25/06/20
- Non hai propostas nesta sesión.
-

- 6ª Sesión 20/11/20
- Manter e difundir as actividades de ocio dirixidas á infancia e adolescencia porque necesitamos máis tempo de ocio para liberar o estres.
 - Promoción de entornos seguros para a infancia e adolescencia (construción de ampliación de beirarrúas, por máis pasos de peóns, pintar as paradas de autobús, medidas de control da velocidade, máis fontes, mais papeleiras para tirar máscaras)
 - Recadar fondos para material de seguridade relacionado coa COVID.
 - Carril-bici.
-